

# Letras Galegas

*Maria Marino Carou*  
2007

UNIDADE DIDÁCTICA EDUCACIÓN PRIMARIA





Letras Galegas  
*María Marín Carou*  
2007

UNIDADE DIDÁCTICA EDUCACIÓN PRIMARIA

EDITA  
XUNTA DE GALICIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

TEXTOS  
Marga do Val  
Isabel Suárez Fernández

ILUSTRACIÓN DA PORTADA  
Colexio de Educación Especial  
Santiago Apóstolo da Coruña

REALIZA  
Difux, SL


DEPÓSITO LEGAL C-1313-2007

©2007 Xunta de Galicia



*maría mariño Carou*

# Índice

- 5 PRÓLOGO
  - 7 INTRODUCCIÓN
  - 9 CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO
  - 15 A VIAXE VITAL DE MARÍA MARIÑO
  - 23 NOIA. UN VELEIRO NO MAR
  - 29 O COUREL DOS TESOS CUMES
  - 35 OS OFICIOS DE MARÍA MARIÑO
  - 47 POETAS CON MARÍA MARIÑO
  - 61 POETAS CON FUTURO
  - 67 ANTOLOXÍA
  - 69 PALABRA NO TEMPO
  - 80 VERBA QUE COMENZA
  - 91 BIOGRAFÍA CRONOLÓXICA
  - 99 BIBLIOGRAFÍA
  - 103 ACTIVIDADES XERAIS
- 



## Prólogo

---

Desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística, saudamos esta nova ocasión para nos dirixir aos centros de ensino e proporcionarlles materiais que poidan non só axudar a difundir a obra de María Mariño, a escritora de lúcidos e suxestivos poemas polos que a Real Academia Galega decide dedicarlle o Día das Letras Galegas do ano 2007, senón fundamentalmente contribuír a unha reflexión colectiva sobre a situación da lingua galega entre a xente máis nova e, dun xeito moi particular, entre as nenas e as rapazas, para estas abriren as fiestras ao particular mundo que as nosas poetas, a nosa literatura e o noso idioma lles ofrecen.

O ano 2007 é o ano en que un novo decreto para a promoción do galego no ensino pretende estender os usos da nosa lingua e convertela no idioma propio, no dos xogos e das relacións afectivas, no da escola e no da casa, no do tempo de lecer e o do traballo, no da lectura e o da escritura. Debe tamén ser, desde a nosa perspectiva, o ano dun renovado compromiso co galego, dun gran pacto social que nos vincule como pobo e que lles dea solidez e coherencia ás propostas que desde as administracións se articulan e que teñen no seu cerne o mundo do ensino, un espazo privilexiado para a transmisión xeracional do idioma ao que debemos dotar das ferramentas necesarias para se constituír no referente central do proceso de recuperación de usos para a lingua galega.

Agardamos que esta proposta, que se acrecenta a outras que esta secretaría impulsou nos últimos meses (o inicio dun proceso de dinamización dos equipos de normalización lingüística no que investiremos importantes esforzos e recursos económicos e materiais ou a convocatoria de premios que estimulen unha maior implicación da comunidade escolar na normalización lingüística do galego), cunha importante mudanza de contidos, e de orientación, sexa do voso agrado e coadruve a crear ese necesario clima de viveza, de intensidade, de creatividade e de paixón arredor de todo aquilo que poida xerar complicitades e esforzos na (re)construción do noso principal sinal de identidade.

Por último, agradecemos o esforzo das dúas autoras, Isabel Suárez Fernández e Marga do Val, en contribuír a este cambio de perspectiva co que queremos iniciar unha singradura en que todas e todos debemos participar e cuxo ronsel, a través das palabras da nosa poeta, serve para mellor iluminarmos o camiño desta viaxe sen retorno cara a un fundamente arelado reencontro lingüístico colectivo.

Compostela, abril de 2007  
Marisol López Martínez



## Introdución

---

María Mariño Carou é a escritora á que a Real Academia Galega decidiu, no ano 2006, dedicarlle o Día das Letras Galegas 2007, cando se cumpre o centenario do seu nacemento. A escritora, nacida en Noia, representa a loita por fuxir da vida á que estaría obrigada por ser muller. María Mariño, a estraña, que nos chega como envolta na néboa que integrou na súa poética, non sería tan estraña nin tan rara se coñecésemos a historia de tantas e tantas mulleres que contribuíron co seu labor ao desenvolvemento do mundo. A historia das mulleres tamén é a historia. Tampouco sería tan estraña se na época que lle tocou vivir a muller puidese gozar de maior independencia e, desde logo, se a súa orixe non fose humilde. María Mariño Carou, a modista en Noia, a lectora da biblioteca do Pazo de Goiáns, a emigrante a Euskadi coa súa máquina de coser, a que se entrega ao ensino das primeiras letras nun parvulario en Escarabote, a muller do mestre, a nai que ve que non pode ser nai, a amiga de Uxío Novoneyra, a escritora, a poeta. María Mariño, a que crea unha lingua nova, a dinamiteira da fala. María Mariño, a que perde o mar, ese veleiro que naufragou nos montes do Courel. María Mariño, a poeta que sente o amor na tunda da nai, que descobre o mundo dos furados, que percorre a paisaxe como unha pingueira da chuvia, que se funde na terra. Cantas mulleres hai na vida de María Mariño?

Vemos a súa fotografía, co sorriso nos beizos, e oxalá sexamos capaces de entrar pola porta do seu rostro e acceder á súa obra. Non estaría ben aprender unicamente datos biográficos, por iso o obxectivo das páxinas que seguen é mostrar a María Mariño no mundo de hoxe e intentar comprender o que lle tocou vivir como muller, como galega e como escritora.

Primeiro ofrecemos a realidade sociolingüística do século pasado para detérmonos nunha visión máis demorada da relación entre lingua e xénero. Continuaremos pola viaxe vital de María Mariño, son os lugares nos que morou os que tecen a súa vida. Deseguido, detémonos en Noia, na súa economía, na súa natureza; despois no Courel, na súa fauna, na súa flora, nos seus ríos e na serra. A continuación, reflexionamos sobre os oficios de costureira e de escritora. Despois, para ofrecer unha reflexión sobre o oficio da escrita, dámoslles voz a catro escritoras de hoxe —a escritora alemá-galega Heidi Kühn-Bode, María do Cebreiro, Marica Campo e María Reimóndez— que nos contestan unha serie de preguntas e que nos transmiten o seu diálogo poético coa obra da autora, ben desde a lectura, ben desde a creación. Dámoslle moita importancia á conexión da cultura galega con outras culturas e esa é a razón pola que se reflexiona sobre a importancia da aprendizaxe de linguas e da tradución. Séguelle a este punto “Poetas con futuro”, no que se achegan textos literarios de tres alumnas de primaria e dun de secundaria, que nos dan a súa visión sobre a poeta, sobre a escrita e sobre a lectura. Segue unha antoloxía de María Mariño acompañada, coma en cada parte, por múltiples actividades (neste caso dirixen a lectura e provocan a reflexión sobre diversos aspectos). Despois aparece unha cronoloxía na que se conxugan os temas que consideramos máis importantes: aspectos biográficos de María Mariño, acontecementos históricos, historia da muller e referencias literarias. A seguir achegamos unha bibliografía obrigada e necesaria para que o alumnado se familiarice cos materiais da investigación. Nun punto final propoñemos actividades conxuntas para diferentes materias, nas que sempre se tivo en conta a transversalidade con temas como a paz, o medio e a coeducación.

Agradecemos de maneira moi especial a axuda de todas as persoas que quixeron colaborar coas súas respostas, xa que sen elas sería imposible coser este traxe. Tamén lles damos as grazas á Biblioteca Virtual Galega, que nos permitiu utilizar imaxes de autoras e autores, a todos os escritores e escritoras que nos ofreceron a súa fotografía e aos fotógrafos e fotógrafas que lles fixeron os retratos, a Milucho Romero, polas fotografías do Courel, a Ana Romaní, e a Visitación Vila García que, por querer honrar a súa veciña e amiga, gardou para a historia de Galicia un anaco de historia dunha muller nas fotografías.

Agradecemoslle ao alumnado de primeiro de ESO do Instituto San Paio de Tui que, despois de estudar poemas de María Mariño e dirixidos polo seu profesor de debuxo, o pintor Xulio García Rivas, nos entregase as ilustracións coas que acompañamos o traballo, que teñen como obxectivo convidarvos a seguir debuxando máis poemas.

Agradecemoslles a todas as persoas, institucións e publicacións que reivindicaron a obra de María Mariño e que conseguiron que o Día das Letras 2007 nos obrigue a moitas descubertas.

Convidámosvos a que coñezades Noia e o Courel, ou a que os visitedes de novo, e que os poemas de María Mariño vos guíen.

Isabel Suárez Fernández

Marga do Val

O CONTEXTO  
SOCIOLINGÜÍSTICO:  
DE 1900 ATA HOXE

Letras Galegas  
*Maria Marino Carou*  
2007



## Introdución

A sociolingüística é o estudo das relacións entre lingua e sociedade. A seguir, proporcionámosche un glosario cos termos máis frecuentes desta disciplina, necesarios para comprender este primeiro punto referido ao contexto sociolingüístico de María Mariño.

**BILINGÜISMO:** é o uso de dúas linguas que se utilizan indistintamente. Por exemplo, o uso do galego e do castelán por parte da mesma persoa para as mesmas funcións (familiar, laboral, científica...).

**DIALECTALISMOS:** son variantes dunha mesma lingua en función da zona xeográfica onde se fala (pantalóns/pantalós/pantalóis, etc.).

**DIGLOSIA:** é o uso de dúas linguas, unha en situación de prestixio e outra en ámbitos informais ou familiares. Por exemplo, o uso do castelán nas tendas de moda e do galego coa familia.

**HIPEREXEBRISMOS:** consiste na deformación de formas lingüísticas propias do galego co fin de conseguir a diferenciación respecto do castelán (brillar/brilar, primavera/primaveira, sincera/sincera).

**LINGUAS EN CONTACTO:** presenza de dúas ou máis linguas nunha mesma comunidade. Por exemplo, o galego e o castelán en Galicia. As linguas en contacto dan lugar ao bilingüismo e, cando hai diferenzas de prestixio entre elas, aparece a diglosia.

**MONOLINGÜISMO:** uso dunha soa lingua por parte dunha comunidade.

**SUBSTITUCIÓN LINGÜÍSTICA:** cando o bilingüismo é diglósico, as persoas tenden a abandonar a lingua de menor prestixio en favor da dominante.

**VARIACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA:** é o uso de formas lingüísticas diferentes entre distintos grupos da sociedade.

## O contexto sociolingüístico: de 1900 ata hoxe

A principios do século XX, a gran maioría da poboación falaba unicamente o galego (preto do 90% segundo a RAG), estaba asentada no hábitat rural e traballaba no sector primario, que no interior consistía en explotacións agrícolas familiares e na costa no aproveitamento dos recursos da pesca.

CADRO 1. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN GALEGA

ANO	CIDADE	VILA	ALDEA	POBOACIÓN TOTAL
1900	6,6%	4,7%	88,7%	1.980.515
1910	7,0%	4,8%	88,2%	2.063.589
1920	7,8%	5,7%	86,5%	2.124.244
1930	8,9%	6,7%	84,4%	2.230.281
1940	10,4%	7,7%	81,9%	2.495.860

Fonte: Bermejo 1980:223; Barreiro 1984: IV, 23; Monteagudo, 1999: 328

A introdución das industrias nas cidades e nas vilas ocasionou un crecemento da poboación urbana, o que influíu en que moitas persoas deixasen de falar o galego. A burguesía das cidades rexeitaba a súa utilización para se distanciar socialmente da poboación que chegaba do campo. Para medrar socialmente impúñase o uso do castelán, polo que o seu emprego medrou en pouco tempo.


### Sabías...

Que a caída máis brusca no uso do galego produciuse entre 1924 e 1947?

Que entre 1930 e 1950 as grandes cidades galegas incrementaron moito a súa poboación e que algunhas, como A Coruña ou Vigo, a duplicaron?

Que nese período, as ditaduras de Primo de Rivera (1923-1930) e de Franco (1939-1975) fomentaron ideoloxías contrarias á diversidade lingüística?

FIGURA 1. LINGUA HABITUAL EN GALICIA DESDE 1897 ATA 1974



Fonte: Seminario de Sociolingüística da RAG, 1995

No retroceso do uso do galego tamén influíu a extensión do ensino, pois ata finais do século XX este impartíase unicamente en castelán.

Os factores que influíron no retroceso do galego deron lugar a importantes variacións na distribución do noso idioma. A situación actual da lingua, segundo a idade e o xénero, reflicte esas circunstancias.


### Sabías...

Que as mulleres tenden a usar menos o galego que os homes?

Que o cambio de lingua a prol da prestixiada é máis frecuente nas mulleres?

Que este patrón se denomina modelo sociolingüístico de xénero e se explica pola maior presión social que reciben as mulleres para asumir as normas e valores lingüísticos dominantes?

FIGURA 2. PORCENTAXE DE PERSOAS QUE FALAN SEMPRE EN GALEGO SEGUNDO O XÉNERO E A IDADE



Fonte: elaboración propia con datos do IGE, 2004

### Tendencias da figura 2

- As persoas novas falan menos galego que as vellas.
- No grupo de 20 a 24 anos hai un cambio de tendencia salientable: falan máis galego que as persoas de 25 a 29 anos.

- As mulleres falan algo menos o galego que os homes.
- Entre os máis novos, o uso segundo o xénero tende a igualarse.
- A recuperación de falantes que se dá no tramo de 20 a 24 anos é máis acusada entre as mulleres.

### Tendencias da figura 3

Os máis novos escriben mellor en galego que os máis vellos.

As mulleres coñecen menos a escrita que os homes. Esa diferenza corríxese nos máis novos. De feito, no tramo de 15 a 24 anos, a capacidade para escribir en galego é lixeiramente superior entre as mulleres.


### Sabías...

Que a principios do século XX a maior parte da poboación non sabía escribir en lingua galega?

Que o galego non comezou a aprenderse formalmente no ensino ata finais do século XX?

Que os datos reflicten estas circunstancias, pois o coñecemento da escrita incrementábase nas persoas de menos idade?

**FIGURA 3. PERSOAS CAPACES DE ESCRIBIR EN GALEGO SEGUNDO A IDADE**



Fonte: elaboración propia con datos do IGE, 2003

### Actividades

1. A principios do pasado século, a maior parte da poboación só falaba galego. Como se denomina o uso dunha mesma lingua nunha comunidade? E uso de dúas utilizadas indistintamente? E cando se usan linguas distintas segundo a función?
2. Debuxa membros da túa familia de idades e xénero diferentes. Escribe xunto ás súas bocas, como se fosen personaxes de viñetas, a lingua que empregan. Intercambiade os debuxos e debatede sobre o uso do galego entre as persoas da vosa familia.
3. Elabora unha pequena enquisa sobre o coñecemento do galego entre diferentes membros da túa familia. Comentade os resultados na clase. Danse diferenzas por xénero? E por idades?

---

### Referencias bibliográficas

---

Instituto Galego de Estatística (IGE) (2003): *Censo de poboación e vivendas 2001. Información provisional*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Disponible en [www.ige.eu/ga/demograficas/censos](http://www.ige.eu/ga/demograficas/censos)

Seminario de Sociolingüística, RAG (1995): *Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.

A VIAXE VITAL DE  
MARÍA MARIÑO

Letras Galegas  
*María Mariño Carou*  
2007



## Nacemento en Noia

O 8 de xuño de 1907 nace María Mariño Carou no seo dunha familia humilde de Noia. É filla de Filomena Carou Lado (costureira) e de Xosé Mariño Pais (zapateiro). Viven nunha casa da rúa Cega de Noia. Ten tres irmáns maiores, María de la Concepción (1898), Emilio (1901) e Cándido (1902), e unha que nacerá despois, Asunción (1908).

María era coñecida como “María, a costureira” e tamén como “María, a fiscal”, parece ser que pola ocupación que tivera o pai como fiscal de paz de Noia.

Testemuñas lembran a María Mariño como unha moza reservada, misteriosa, que gozaba coa natureza e tiña unha gran vontade de superación.

A lembranza da costa noiesá ficaría sempre presente na súa obra.

Bos días nos dea Deus, din vendedoras de faciana delgada cando baixan cara ao mercado, coa cesta sobre a cabeza, falando de pesos e patacóns e do prezo do millo ese ano. Noia, coas vellas rúas e casas, os preciosos ríos e a ría, é o fogar feliz para un artista

Aubrey F. G. Bell, *Galicia vista por un inglés*, 2005)



María Mariño Carou



Rúa Cega de Noia





Igrexa de Santiago de  
Lampón, Boiro

### Novo destino en Euskadi e verán nas minas de San Fins

En 1945 o matrimonio marcha a Elantxobe (Bizkaia) polo novo destino de Roberto.

En 1946, María fica grávida, regresan de Euskadi e pasan o verán nas casas baratas das minas San Fins, en Lousame, onde están o seu irmán Emilio e a súa nai. Vai parir un fillo, Roberto, que morre traxicamente ao mes e medio de nacer.



Casas baratas das minas de San Fins

Co comezo do curso, marchan a Romeor (O Courel) polo novo destino de Roberto. Acompañaos Filomena, nai de María.

Morre Filomena Carou Lado en Romeor do Courel. É soterrada no cemiterio de Esperante.

### No Courel

En 1947, morre Emilio Carou, irmán de María, a consecuencia da silicose nas minas de San Fins.

María sofre unha fonda depresión e, por consello médico, van vivir a Parada (O Courel) na casa-escola onde Roberto exercerá a súa profesión.



O Courel

Amaro González Pousa  
1.º ESO, IES San Paio de Tui



Casa escola de Parada  
(O Courel). Fotografía de  
Ana Romani

## No Courel coñece a Uxío Novoneyra

Na altura de 1953, en Parada do Courel, coñece a Uxío Novoneyra. Xurdirá entre eles unha profunda amizade.

En 1957, con cincuenta anos, María Mariño empeza o seu traballo literario. Conta coa complicidade do poeta do Courel.



María Mariño con Uxío Novoneyra e Manuel María

## Palabra no tempo

En 1957 publícase o primeiro libro de María Mariño, *Palabra no tempo* (ed. Celta), e empeza a escribir un novo libro, *Verba que comenza*.



Portada de  
*Palabra no tempo*

## Morte no Courel

A poeta morre o 19 de maio de 1967 na casa-escola de Parada do Courel. O enterro é o 20 de maio no cemiterio de Seoane do Courel, onde permanece.



Igrexa de Seoane do Courel  
onde xace María Mariño.  
Fotografía de Ana Romaní



Portada de  
*Verba que comenza*

A súa obra póstuma, *Verba que comenza*, publicárase por vez primeira en 1990.



Concello de Noia

En 2007 a RAG dedícalle o Día das Letras Galegas. A vila de Noia celebra o acontecemento.

### Actividades

1. Noia, vila onde naceu María Mariño, está situada á beira dunha importante ría galega. Cal é o seu nome?

2. Na biografía dos lugares de María Mariño fálase das minas de volframio situadas no concello de Lousame, onde o seu irmán Emilio traballou como mecánico. Indaga na internet e fai un traballo sobre as minas de volframio en Galicia. En que outros lugares de Galicia existiron minas de volframio? Para que se empregaba ese mineral? Cara a onde se exportaba? Dámosche estas claves de busca:

3. Minas de volframio Galicia  
 Minas de San Fins  
 Minas de Fontao  
 Minas de Monte Neme  
 Minas de Silleda.

Debuxa un mapa de Galicia e sitúa os lugares onde viviu María Mariño. Trata de atopar as estradas que unen eses lugares e debuxa os itinerarios que seguiu durante a súa vida.

### Bibliografía e recursos recomendados

Agrafoxo, Xerardo (2002): *Memorias do franquismo: a época do wolfram en Losaume*. Noia: Toxosoutos.

———(2007): *Biografía de María Mariño*. Vigo: Galaxia.

Vázquez Saavedra, Mercedes (2003): *O Courel*. Vigo: Galaxia.



NOIA.  
UN VELEIRO NO MAR

Letras Galegas  
*Maria Marino Carou*  
2007



A vila mariñeira de Noia está situada no sudoeste da provincia da Coruña, nun val ao pé da serra da Barbanza e no punto máis interior da ría de Muros e Noia, que se forma coa desembocadura do Tambre.

O concello de Noia ten unha extensión de 38,5 km<sup>2</sup>, polo que é un dos máis pequenos de Galicia. Boa parte do seu territorio está bordeado polo Atlántico e tamén o rodean os outeiros de San Marcos e de San Xusto, de algo máis de 200 metros de alto, os montes de Costoira (530 metros) e os de San Lois (363 metros) e de Tállara (483 metros), que marcan o inicio da serra da Barbanza. Limita cos concellos de Brión, Outes, Porto do Son e Lousame. As parroquias que o integran son as de Argalo, Barro, Boa, Noia, O Obre e O Roo.

Existiron asentamentos humanos na zona desde épocas moi remotas, tal e como testemuñan o dolmen de Argalo ou o castro de San Lois.


A pesca, a agricultura e o comercio son as actividades nas que se baseou tradicionalmente a economía de Noia. A fertilidade dos terreos que rodean a vila favoreceu a prosperidade das actividades agropecuarias, que deixaban boas colleitas e permitían obter ingresos no mercado a conta dos excedentes.

Os ricos areas da ría de Noia tamén deron lugar a un importante sector marisqueiro.

As mulleres, ataviadas cos tradicionais sancosmeiros (sombreiros de palla), constituían unha imaxe típica nas terras de labor e nas beiras da ría.

Actualmente, en Noia, coma noutras zonas do país, a agricultura está en retroceso. A construción e os servizos, sobre todo os relacionados coas actividades do lecer e do turismo, substitúen os traballos agrícolas.


Mantense o sector marisqueiro, aínda que o ameazan con demasiada frecuencia desastres ecolóxicos como o do *Prestige* ou os provocados polos incendios.



Mapa: Vía Michelín



Ponte de Noia



Sancosmeiro

## A natureza de Noia

### Os ríos

O río que verte o maior caudal á ría de Noia é o Tambre, aínda que non é o único. O Vilaboa baixa polo monte Iroite ata o val de Argalo, o Tállara discorre desde Moimenta por terras de Lousame, e o Traba, que se forma cos regatos de Vilacoba, Pesqueira e San Xusto, contribúen tamén coas súas augas á formación da xenerosa ría.

### As aves

O esteiro da ría de Noia é un lugar de gran valía ecolóxica pola súa biodiversidade, en especial de aves. Unha das especies que se pode albiscar nas marxes do Tambre é o mergullón pequeno (*Tachybaptus ruficollis*), do que se coida que cría na zona. Tamén son frecuentes o corvo mariño grande (*Phalacrocorax carbo*), que en maio viste plumaxe nupcial composta por cara e peito brancos, a gaivota chorona (*Larus ridibundus*), a gaivota escura (*Larus fuscus*) e o charrán cristado. A garza real e a garzota (*Ardea cinerea* e *Egretta garzetta*) tamén abundan moito na ría, e mesmo poden albiscarse ocasionalmente as raras garzotas grandes (*Egretta alba*). Outras aves abondosas en Noia son os lavancos (*Anas platyrhynchos*), os miñatos (*Buteo buteo*) e os lagarteiros (*Falco tinnunculus*).

## Actividades

1. Cales son os maiores cumes que rodean a vila de Noia? Que altitude teñen?
2. Os sancosmeiros son sombreiros feitos de palla que aínda levan as mulleres labregas na zona de Noia. Coñeces outro tipo de sombreiro, tocado ou gorro que se utilizase na vestimenta tradicional da sgalegas e os galegos? Debúxaos.
3. Que ríos forman a Ría de Noia?
4. Onde nace o río Tambre? Sabes que mosteiro hai á beira do seu nacemento? Que concellos atravesa no seu curso?
5. Como se chama a capital do concello de Outes?
6. Que relación ten o concello de Lousame coa vida de María Mariño?
7. Busca información sobre o significado dos topónimos Noia e Lousame.
8. Cal é o xentilicio dos habitantes de Noia?
9. Coa axuda da túa profesora ou profesor, sinala cales das aves mencionadas son propias de zonas húmidas. Coñeces máis aves que vivan nesas zonas?
10. María Mariño foi bautizada na igrexa de San Martiño de Noia. Procura información sobre esta igrexa. En que época foi construída?

Que outras igrexas importantes desde o punto de vista arquitectónico hai en Noia?

11. En Noia hai unha importante mostra de lápidas gremiais da Idade Media. Que son os gremios? Investiga onde se atopan estas lápidas.
12. En Noia hai tres pontes que se chaman: ponte de Traba, ponte de San Francisco e ponte de Noia. Investiga cal é a máis antiga.

EN San Finx eran as minas a meta a raíz

Os amigos gravan cos pedais  
 o asfalto

Somos metalúrxicos  
 e os churros de Amador  
 tiñan vetas de wolframio

por iso quería ser violinista

¿Como serán avoa os avós?



Arden, 1998

### Un poeta, unha poeta de Noia

Olo nos cupos da familia os nomes  
 dos bisavós, dos vellos que me deron  
 este corpo mortal que son agora.  
 Sinto os seus dedos antigos  
 a percorrerme os ósos mentres aran  
 sen tregua na humildade  
 para dar-me esa flor.

Son labradores que me amasaron de boroa o tempo  
 para eu cantar. E dese impulso vivo!  
 Foron as mans, os folgos que en tanta travesía  
 xermolaron nas hortas  
 e nos corpos de vellas nais escuras como a terra.  
 Ao velos vir, sombras no manuscrito  
 -que xa eran sombras nesta vida-,  
 eu sei de certo  
 que seara hei de arar detrás do tempo.  
 E merendar cereixas na restreva!

Antón Avilés de Taramancos, *Última fuxida a Harar*, 1992





# O COUREL DOS TESOS CUMES

Letras Galegas  
*Maria Marino Carou*  
2007



---

*Courel dos tesos cumes que ollan de lonxe!  
Eiquí síntese ben o pouco que é un home.*

Uxío Novoneyra, 1952

---

O Courel é o nome que recibe o cordal montañoso situado ao sudoeste da provincia de Lugo que, xunto cos Ancares, conforma un macizo montañoso que separa Galicia do resto da península Ibérica. Esténdese polos concellos de Folgoso do Courel, Quiroga e Pedrafita do Cebreiro. Os núcleos de poboación están diseminados por toda a serra en multitude de fermosas aldeas. A dificultade das comunicacións preservou a natureza e tamén, ata datas recentes, moitos costumes tradicionais destas terras.

A serra do Courel abrangue aproximadamente o 1% do noso territorio, pero nese reducido espazo atópase ao redor do 40% de toda a flora galega coñecida. A orografía e as condicións climatolóxicas favorecen a súa biodiversidade. As variacións de altitude oscilan entre os 400-500 metros do río Lor ata os máis de 1.600 nos picos máis altos, como Formigueiros (1.654 metros), Pía Paxaro (1.616 metros) ou Faro (1.615 metros).

---

### A flora

---

No Courel están representadas case todas as comunidades arbóreas que existen en Galicia: os soutos de castiñeiros, as carballeiras, as reboleiras, os ameneirais e os bosques de aciñeiras e teixos. Nas beiras dos ríos medran os chopos, os bidueiros e os salgueiros e noutras zonas húmidas son abondosos os pradairos e os freixos. Tamén hai piñeiros, uces, xestas e toxos.

Nos camiños medran floriñas como as roseiras silvestres ou escaramuxos, os narcisos, as margaridas, as xaras e as violetas. Tamén se atopan no Courel lirios bravos e orquidáceas. Nesa xenerosa vexetación obteñen alimento as bolboretas, que producen un mel de sabor moi prezado e de gran valor nutritivo.



Fotografía de Milucho Romero



Fotografía de Milucho Romero

### Actividades

1. Escolle un dos tres concellos situados na serra do Courel e localiza as súas parroquias. Estes agrupamentos, en que se basean? Cando xorden as parroquias? Cales son as parroquias do teu concello?
2. A orografía é a rama da xeografía que estuda o relevo do terreo. Que palabras coñeces do campo semántico da orografía, ao que pertence, por exemplo, outeiro?
3. Cal é altitude dos picos máis importante do teu concello?
4. A toponimia é o estudo do nome dos lugares. No Courel moitos lugares incorporan o termo “ferro”. Sabes cal é a razón? Localiza nun mapa do Courel todos os lugares co topónimo “ferro”.
5. Dentro do campo da toponimia está a fitotoponimia, que estuda os nomes de lugares que fan referencia a árbores e plantas. Neste exercicio propoñémosche facer un estudo sobre a fitotoponimia do lugar no que ti vives.  
  
Exemplos: Maceda de mazá, Abeleda de abelá, Teixeiro de teixo.
6. Debuxa un castiñeiro, un carballo e un ameñeiro. Cales son as árbores máis frecuentes da túa zona? Debúxaas.
7. Todos os outonos se obteñen no Courel grandes cantidades de castañas. Ata hai pouco tempo, as castañas dispúñanse nunhas construcións feitas de pedra para secalas. Sabes o nome desas construcións?
8. Coñeces algunha receita de cociña na que o compoñente fundamental sexa a castaña?
9. Sabías que hai zonas de Galicia onde a pataca recibe o nome de castaña? Investiga a razón.

### A fauna

A serra do Courel ofrécelles abeiro a unhas 160 especies de vertebrados.

### As aves

As aves son os animais que numericamente dominan a serra. Habitan os seus montes a aguia real (*Aquila chrysaetos*), a aguia cobreira (*Circaetus gallicus*), a aguia perdigueira (*Hieraaetus fasciatus*), o miñato (*Buteo buteo*), o lagarteiro (*Falco tinnunculus*), a tartaraña cincenta e a gatafornela (*Circus pygarnus* e *Circus cyaneus*), os azores (*Accipiter nisus*) e diferentes especies de falcóns pequenos (*Falco subbuteo*). O bufo real (*Bubo bubo*) tamén está presente na serra. Outras especies, coma a pita de monte (*Tetro urogallus*), xa non se poden ver porque hai tempo que desapareceron.

Tamén hai aves de menor tamaño, como a azulenta común (*Prunella modularis*) e o gabián (*Accipiter gentilis*). Existe gran variedade de cucos (*Cuculus canorus*), perdices (*Alectoris rufa* e *Perdix perdix*),

corvos (*Corvus corax*), paspallás (*Coturnix coturnix*), merlos (*Cinclus cinclus* e *Turdus merula*), andoriñas (*Hirundo rustica*), así como de pombas, papuxas (*Sylvia communis* e *Sylvia borin*) e ferreiriños (*Parus ater*, *Parus cristatus* e *Parus caeruleus*).



Paspallás

### Os peixes e anfibios

Nos ríos do Courel habitan as troitas e as anguías. Tamén son frecuentes as salamántigas, os tritóns, os sapos e diversas variedades de ras. Hai, así mesmo, diferentes serpes, como a víbora, a cobra ou a víbora de Seoane. Os réptiles máis frecuentes da serra do Courel son os lagartos.

### Os mamíferos

Noutro tempo houbo osos no Courel, pero agora só deixan constancia ocasional as pegadas que deixan no camiño procedentes doutras serras.

Tamén desapareceron os cervos e os lobos, pero abundan, no entanto, os xabarís, os corzos, os raposos e os coellos. Hai donicelas, londras, martas, lebres, esquíos, ratos, toupas e leiróns. Menos frecuente é albiscar algún gato montés.

### Actividades

1. Elabora un conto situado no Courel no que as personaxes principais sexan unha salamántiga, un gato montés e un xabaril.
2. Relaciona os nomes en latín e en galego das aves seguintes:

gabián *Aquila chrysaetos*

papuxa *Parus ater*

aguia real *Accipiter gentilis*

ferreiriño *Sylvia communis*

andoriña *Coturnix coturnix*

paspallás *Hirundo rustica*

3. Busca no dicionario de inglés/francés como se chaman estas aves nesa lingua.
4. Escribe no teu caderno o nome de todas as aves do Courel que tamén vivan na túa zona.
5. Escolle unha das aves mencionadas e fai un traballo sobre ela. Pescuda información sobre a súa distribución no mundo e sinala se está en perigo de extinción, cales son os seus hábitos alimenticios, os seus costumes, etc.

## Os ríos do Courel

### O río Lor

O río con maior caudal do Courel é o Lor. Nace en fontes situadas nas aldeas de Fonteboa e de Fonlor, no concello de Pedrafita do Cebreiro. Percorre a parte máis occidental da serra, pasa polo concello de Quiroga e dálles nome a diferentes aldeas.

### O río Lóuzara

Nace na serra Rañadoira, pasa polo concello de Folgoso do Courel e, na aldea do Touzón, xúntase co Lor.

### O río Selmo

Nace en Ferramulín, dos regatos Visuña e Seara. Pasa polo concello de Oencia, no Bierzo, e desemboca no Sil, no concello de Sobrado.

### O río Pequeno

Nace na Tara, en Pedrafita do Courel, e desemboca no Lor, en Seoane.

## Actividades

1. Debuxa o percorrido do río Lor e localiza as aldeas ás que lles dá nome.
2. Que ríos hai na túa zona? Onde nacen e onde desembocan? Danlle nome a algún lugar?
3. Le este poema de Uxío Novoneyra e repara no emprego da toponimia no poema:

HEIN d'ir ó Pía Páxaro i a Boca do Faro  
 deitarme na Campa da Lucenza nun claro.  
 Hein d'ir á Devesa da Rogueira i a Donís  
 ó Rebolo á Pinza i ó Chao dos Carrís.  
 Hein d'ir a Lousada i a Pacios do Señor  
 a Santalla a Veiga de Forcas i a Fonlor.  
 Hein d'ir ó Cebreiro pasar por Liñares  
 rubir ó Iribio a Cervantes i a Ancares.  
 Hein d'ir a Cido i a Castro de Brío  
 baixar i andar pola aurela do río.  
 Hein d'ir a Céramo cruzal'o Faro i entón  
 debrocar pra baixo cara Oéncia e León.  
 Hein d'ir a Vales i a Pana da Airexa  
 i a un eido solo onde ninguén me vexa.

Uxío Novoneyra, *Os eidos. Libro do Courel*

# OS OFICIOS DE MARÍA MARIÑO

Letras Galegas  
*María Mariño Carou*  
2007



### María Mariño e o oficio de costureira

Antes de ser tecedora de palabras, María Mariño transformaba fíos e teas en roupa, foi costureira. Como acontecía nas familias que pertencían ao estrato social humilde, María, as súas irmás e irmáns non podían pretender ter estudos e, no mellor dos casos, cos coñecementos mínimos de escola —ler, escribir e facer contas— había que poñerse a traballar. María, igual que as irmás, tiña o oficio de costureira, que era un dos máis representativos do abano de traballos que realizaban as mulleres na sociedade tradicional.

Daquela, ser costureira tiña unha certa consideración social, pois non implicaba a dureza doutros traballos a cambio de xornal, como os da terra, e favorecía o cultivo das relacións sociais (Lorenzo, 2002). Aínda non se producira a ruptura espacial que hoxe coñecemos entre ámbito doméstico e ámbito do traballo e, malia existir diferenciación sexual do traballo, a casa era o espazo no que homes e mulleres desenvolvían conxuntamente a produción. Neste contexto, o termo “casa” fai referencia á vivenda e ás terras de labor que lle pertencían á familia, é dicir, o que se entende por ámbito doméstico.

Neste poema de Rosalía de Castro, a autora, utilizando o recurso da ironía, fornece datos para unha boa distribución de xénero do traballo da “casa”.

### XAN

Xan vai coller leña ó monte  
 Xan vai a compoñer cestos,  
 Xan vai a poda-las viñas,  
 Xan vai apaña-lo esterco  
 e leva o fol ó muiño,  
 e trai o estrume ó cortello,  
 e vai á fonte por auga,  
 e vai á misa cos nenos,  
 e fai o leito co caldo.  
 Xan, en fin, é un Xan compreto,  
 desos qu’ a cada muller  
 lle conviña un polo menos,  
 pero cando un busca un *Xan*,  
 casi sempre atopa un *Pedro*.

Pepa, a afertunada Pepa,  
 muller do Xan que sabemos,  
 mentras seu home traballa,  
 ela lava os pés no rego,  
 cá tall’ as pulgas ó gato,  
 peitea os longos cabelos,  
 bóttalles millo ás galiñas,  
 marmura co irmán do crego,  
 mira s’ hai ovos no niño,  
 bota un ollo ós mazanceiros,  
 e lambe a nata do leite,  
 e si pode bota un neto  
 ca comadre, qu’ agachado  
 traillo en baixo do mantelo.  
 E cando Xan pola noite  
 chega cansado e famento,  
 ela x’ o espera antr’ as mantas,  
 e ó velo entrar dille quedo.

-Por Díos, non barulles moito,  
 que m' estou mesmo morrendo.  
 -¿Pois que tes, ña mulleriña?  
 -¿Que hei de ter? Deita eses nenos,  
 que esta madre roe en min  
 cal roe un can nun codelo,  
 ¡ ó cabo ha de dar comigo  
 nos terrós do simiterio...  
 -Pois, ña Pepa, toma un trago  
 de resolio qu' aquí teño,  
 e durme ña mulleriña,  
 mentras os meniños deito.

De bágoas s' enchen os ollos  
 de Xan ó ver tales feitos;  
 mas non temás, qu' antre mil  
 n' hai máis qu' un anxo antr' os demos;  
 n' hai máis qu' un atormentado  
 antre mil que dan tormentos.

Rosalía de Castro, *Follas Novas*, 1868

### Actividades

1. Imos facer un exercicio de imaxinación: traslada a Pepa e a Xan ao tempo de hoxe, imaxina que viven á beira da túa casa e que teñen as mesmas necesidades ca ti e a túa familia. Agora fai unha distribución do traballo da casa, coa mesma ironía ca Rosalía de Castro. Podes escribir un conto ou un poema.
2. Busca refráns ou ditos onde apareza o nome de Xan. En grupo, comentade o que queren dicir.

Dentro do oficio de costureira existía como unha gradación que tiña que ver coa formación e co poder adquisitivo. As costureiras “que ían polas casas”, coma María Mariño, eran as que estaban no nivel máis baixo. Normalmente tiñan menor formación e recursos que as modistas e xastras (estas dispuñan de taller) e confeccionaban a roupa dos labradores pobres, dos xornaleiros e dos obreiros da cidade, pois estes non podían pagar os prezos da roupa confeccionada. As familias ricas chamábanas para facer amaños a domicilio, polo menos dúas veces ao ano, cando se producía o cambio da calor para o frío e viceversa, porque daquela cumpría arranxar a roupa, adaptala ás medidas da rapazada ou zurcir. Non era raro que a costureira parase na casa un día ou dous para facer todo o traballo. Tamén estaba socialmente moi ben considerado que as familias con máis posibilidades económicas tivesen unha costureira, aínda que a roupa nova a mercasen en tendas ou llela encargasen ás modistas e xastras.

María Mariño viviu as transformacións económicas que se deron en Galicia na evolución do modelo de sociedade tradicional agraria a un modelo tardío de sociedade industrial (actualmente terciaria ou de servizos). Estes cambios supuxeron unha fonda transformación da xeografía dos espazos sociais; público e privado adquiriron novos significados e, ao trasladarse o centro da produción da casa á fábrica, trasladouse tamén cara a fóra o valor dos produtos e o salario dos produtores. O salario (recompensa ao traballo) pasou a simbolizar a produción desenvolvida no exterior da casa, dominio tradicional dos homes, e queda a produción doméstica negativamente connotada polos prexuízos cara ao feminino e marcada dentro do campo semántico das axudas (ao traballo principal, desenvolvido polos homes no exterior). Nesta época e, nalgúns sectores, aínda hoxe, comezou a estar moi mal visto que a muller gañase máis diñeiro que o seu home, xa que el debía ser a principal fonte de ingresos para a familia.

O oficio de costureira simboliza mellor ca ningún outro a segregación na xeografía androcéntrica dos espazos sociais. Trátase dun oficio realizado tradicionalmente por mulleres no ámbito familiar e, como todo o referido a ese universo, ficou confinado na invisibilidade.

Durante os anos sesenta e setenta do século XX, co comezo da modernización da economía galega, moitas costureiras entraron a traballar nas fábricas das cidades e convertéronse en obreiras con dereitos regulados. Nos anos oitenta, unha reestruturación global do sector veu provocar unha volta do oficio ao doméstico e un retroceso da súa valoración social.

Os procedementos do traballo a domicilio, que permite aforrar os gastos da contratación, da subcontratación, que traslada a terceiros a responsabilidade no cumprimento dos dereitos laborais, ou da remuneración por pezas no canto da remuneración por xornada de traballo foron fórmulas da economía preindustrial que permitiron o ascenso das grandes empresas galegas no mercado téxtil globalizado. A participación no sector das mulleres do rural, ata ese momento dedicadas principalmente á agricultura, permitiu contar cunha reserva abondosa de man de obra a baixo prezo, que foi a peza clave do éxito desas empresas.

A emerxencia de países exportadores de confección con prezos máis competitivos (o caso da China é o máis significativo) está a levar as grandes compañías a trasladar parte da produción (en particular o cosido) a lugares do mundo onde a man de obra é máis barata que a galega (China, países da Europa do Leste, Magreb).

As multinacionais seguen actualmente unha tendencia que leva a manter en Galicia o deseño e a mercadotecnia das coleccións e a trasladar cara a fóra a produción da roupa. Malia esa tendencia, a ocupación no sector téxtil segue a medrar. Logo dunha etapa de produción baseada nas prácticas laborais abusivas, que deu lugar a campañas de protesta e espertou rexeitamento nas persoas consumidoras, a produción está a volver ao taller, aparecendo estratexias baseadas na mellora tecnolóxica e nas fórmulas empresariais que lle dan valor ao traballo das costureiras (un exemplo son as cooperativas de mulleres asociadas ás firmas de calidade de Moda Galega).

### Actividades

1. Fai unha redacción que conteña as seguintes palabras do campo semántico do téxtil:

fiadeiro	alfaiate	alfinete	xastrería
tesoira	pano	fiaño	
modisto	tea	alferga	modista

2. Define as seguintes palabras: modista, deseñadora, xastra, costureira. Procura a súa correspondente masculina. Fai unha reflexión sobre os xéneros e os oficios. Cal é o feminino de soldado?

3. As cantigas de oficios e os refraneiros da literatura oral recollen o prestixio que tiña cada oficio na sociedade galega tradicional. Buscade cantigas e refráns que teñan que ver cos oficios e levade os vosos achados á aula. Comenta estas dúas cantigas que van a continuación:

Deus llo pague a miña nai por me facer  
 [costureira,

Vén a chuvia, non me mollo,

Vén o sol, non me queima.

\* \* \*

Costureira non a quero,

Non a queiras meu irmán,

Que che ten as pernas tortas

de andar arrastro no chan.

4. Investiga se na túa familia houbo ou hai algunha muller co oficio de costureira. Houbo ou hai alguén que traballe no mundo do téxtil? Quen adoita coser na túa casa? Cres que esta actividade está máis relacionada co feminino?

Fuxe o meu peito de min  
 si ela non cómpre ó redor.  
 Lonxe dela non me fai o corpín,  
 non pode ca lousa o meu cor.

5. Fai unha pequena investigación sobre as actividades que realizan as xornaleiras. Teñen a mesma consideración social ca os xornaleiros? Procura cantigas e refráns que se refiran ás persoas que teñen este oficio.

A aurora é miña i é dela.  
 O mediodía a liña rompeu.  
 Ten o serán da noite estrela.

6. Cres que as actividades que realizan as redeiras e as mariscadoras se consideran unha “axuda” á economía familiar?

Foise a tarde e non volveu,  
 foise. Ten a noite moito dela,  
 máis do que a Lúa verteu.

7. Fai unha investigación sobre o traballo das mulleres nas fábricas galegas a principios do século XX. Que tipo de produtos elaboraban? Que influencia tiveron eses traballos na mellora da situación das mulleres?

María Mariño, *Palabra no tempo*, 1963

8. Busca en pintores galegos obras dedicadas ao oficio das costureiras. Tes exemplos na obra de Luís Seoane ou de Carlos Maside.

11. Pode explicar este texto a total unión do suxeito lírico coa natureza? Razo a resposta.

9. Acude á tenda onde mercas habitualmente a túa roupa e mira nas etiquetas onde se elabora. Reflexiona sobre o teu achado. Como é a produción da roupa nese lugar? Quen constitúe a man de obra?

12. A que partes do día se vai facendo referencia no texto? Engade outras palabras do mesmo campo semántico.

10. Neste poema de María Mariño, a escritora convértese na costureira da natureza. Procura o léxico que evoque o campo semántico da roupa. Amplía ese campo semántico con máis palabras.

13. Fíxate que este poema é un soneto. Poderías explicar por que?

14. O tecer simboliza a vida que se alonga no tempo. O tecido é o pasado que xa se viviu, destecer é desfacer o andado. Le os poemas que che ofrecemos a continuación e contesta as seguintes preguntas.

Viste a Natureza vestido feito por min.  
 Visto eu dela o mellor forro,  
 visto eu dela o seu corpín.  
 Teño nelas o meu socorro.

Normalmente fálase da influencia que a obra de Rosalía de Castro exerceu sobre a de María Mariño, sempre se relacionaron estes dous poemas da autora de Padrón e da autora de Noia. Cal é o tema do poema rosaliano? Cal é o tema do poema de María Mariño?

Tecín soía a miña tea,  
 sembrei soa o meu nabal,  
 soía vou por leña ao monte,  
 soía a vexo arder no lar.  
 Nin na fonte nin no prado,  
 así morra coa carrax,  
 el non ha de virn' a erguer,  
 el xa non me pousará.  
 ¡Que tristeza! O vento soa,  
 canta o grilo ó seu compás...  
 Ferve o pote... mais, meu caldo,  
 soíña t' hei de cear.  
 Cala, rula, os teus arrulos  
 ganas de morrer me dan;  
 cala, grilo, que si cantas,  
 sinto negras soĩdás.  
 O meu homiño perdeuse,  
 ninguén sabe en onde vai...  
 Anduriña que pasache  
 con el as ondas do mar;  
 anduriña, voa, voa,  
 ven e dime en ond' está.

Rosalía de Castro, *Follas Novas*, 1868

I

A saudade de quen son é un peito sin borrar  
 o ditado vello feito de quen veo pra non parar.

II

Días e días tecín na tea do meu tear.  
 Hoxe a tea toda feita del n' a podó sacar.

María Mariño, *Palabra no tempo*, 1963

16. Como se distribúen os traballos na túa casa? Quen cociña? Quen limpa o po? Quen arromba a cociña? Quen pasa a aspiradora? Quen tende a roupa? Quen pon a lavadora?
17. Sabes o que é a corresponsabilidade doméstica?

---

### Bibliografía e recursos recomendados

---

García, Constantino e González, M. (2000): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. Podes consultalo na rede: <http://www.edu.xunta.es/diccionarios/index.html>

Lorenzo, X. (2002): *Os oficios*. La Voz de Galicia.

Roseman, S. R. (2000): "Vendiendo la labor, vendiendo los conocimientos: un estudio antropológico de las modistas de taller y de las costureras ambulantes gallegas", *SEMATA*, 12, p. 361-383.

Taboadela Álvarez, O., Martínez Iglesias, M. e Castro Serantes, M. (2005): “Del escaparate a la trastienda: mujeres y trabajo invisible en la confección gallega”, en Juan José Castillo (dir.) *El trabajo recobrado. Una evaluación del trabajo realmente existente en España*. Buenos Aires: Miño y Dávila.

Vilar Carril, M.ª L., Tilve Costas, M.ª X., Vazquez Rei, J., Abalo González, M. C., Vaamonde Balado, M. M. (2000): *Os Oficios. Sombreireiras, zapateiros, selleiros e cesteiras*. Brión: Concello de Brión.

### María Mariño e o oficio de escritora

A obra de María Mariño é a verdade máis auténtica que dela posuímos. Nada nos queda do seu ganduxar, da roupa feita por ela, fican os seus poemas que gardan o alento da escritora que se foi, como nos deixa dito no derradeiro poema, “a paso limpo”.

Se lemos con profundidade a súa obra, sabemos que María Mariño tiña conciencia de escritora, só así se pode pensar, reelaborar, crear unha lingua poética, retorcer as palabras e a sintaxe ata dotala de novos significados. Ela é a súa propia escrita.

Ser escritora, e tamén escritor, é vivir do oficio de escribir. Escribir é traballar co material das palabras, como o compositor de música traballa coas notas musicais, como o escultor traballa coa madeira, co mármore, coa pedra ou con outros materiais, como o pintor traballa coa acuarela, co lenzo ou sobre a madeira, por exemplo. Aínda que non todos os escritores, compositores musicais, escultores ou pintores poden vivir unicamente deste traballo e procuran outra actividade que lles axude economicamente. Tamén hai algún deles que prefíren non converterse en profesionais, aínda que iso é outro cantar no que agora non imos entrar, pero o que si é seguro é que a todos eles,

creadores, lles gustaría poder ter todo o tempo do mundo que quixesen para crear. Mais todos estes escritores, compositores musicais, escultores ou pintores teñen visibilidade social e a sociedade recoñécelles o seu oficio.

As escritoras, as compositoras musicais, as escultoras e as pintoras non o tiveron e, en moitos casos, non o teñen nada fácil. Tampouco o tivo fácil e, en moitos casos, aínda non o ten fácil calquera muller que se quixese dedicar a ser médica, avogada, fontaneira ou electricista. Era difícil e, en moitos casos, aínda o é que a muller puidese ter unha profesión ou un oficio que non fose tradicional.

Un dos primeiros atrancos con que se atopaban as mulleres na época de María Mariño era a falta de educación que lles permitise valerse por elas na vida, xa que non todas as persoas de orixe humilde tiñan acceso a un ensino mínimo e, moito menos, as mulleres. A educación, por outro lado, estaba ao servizo da mentalidade dominante e a muller que non tiña problemas económicos era educada para realizar as tarefas do fogar ou para poder dirixilo, pero non para ter unha profesión que a fixese independente economicamente. Era moi importante renovar a pedagogía e a formación das mestras que debían transmitir coñecementos, este foi un tema que preocupou a moitas pedagogas e que provocou grandes discusión no século XIX.

Nos tempos que a María Mariño lle tocou vivir, a muller logrou algunhas conquistas en materia de educación, aumentou o número delas que accedeu ao ensino medio, ás escolas normais e, a principio de século, comezaron, con menos atrancos, a instrución universitaria. A mocidade da escritora é contemporánea dunha época esperanzadora para Galicia, a das Irmandades da Fala, da Xeración Nós, do Seminario de Estudos Galegos, das primeiras asociacións sindicais e obreiras. Nesta época débatese o futuro da lingua galega, o futuro de Galicia como identidade e o da clase obreira. Malia que a historia case nunca nomea a muller, esta tamén participou en moitos debates da época e, se nos detemos nas publicacións daquela época, como poden ser *A nosa Terra*, atopamos o nome de Corona González, que envía un artigo desde París en 1927 e que insiste na importancia da educación da muller.

## PRA OS PAIS QUE TEIN FILLAS

As mulleres precisan da educación e da instrución mais que os homes. Educar unha muller é educar a Sociedade. Educar un home é educar nada mais un home ...!

(...) Os pais que tein fillos e fillas só se ocupan da instrución dos fillos algunhas veces facendo grandes sacrificios, incluso empeñándose pra conquistar dar carreira a algún, que moitas veces non sae toda a vida de ESTUDAR PRA ESTUDANTE, e desa semente sae máis tarde a cantidade enorme que temos de señoritos que non sirven pra nada, si non pra gastar o que os pais xuntaron con tanto traballo, e vir terminar con o pouco que ás coitadas das irmáns lle ficou; vein pra Aldea érguese tarde, paseian, xúntanse con o secretario, farmacéutico, xuez e crego, par falar de política, querendo reformar o país en media hora (...)

A muller precisa saber gañar a vida se non for máis, polo menos tanto como o home. A muller pra abrirse camiño na vida pasa moitos máis camiños e desgostos -sen contar os traballos- que o home. É necesario insinarlle a traballar, pra ser independente, e facerlle entender que non é necesario o casamento, nen ser monxa pra ser feliz neste mundo. Só pode adequerir a independencia de carácter, e poderán casarse, ou non, sin ter medo a quedar solteiras pois non precisan de un que as manteña. A maior parte dos matrimonios desgraciados que ha, consiste na falla de instrución da muller , pois a que pensa un pouco (ha algunhas que non pensan nada) e lle aparece un rapaz que quer casar con ela, aínda que non lle agrade moito, e non sea o tipo soñado, ve que xa ten -supoñamos- 26 anos, que, o que os pais tein non lle chega pra vivir sen traballar non pode porque non lle insinaron a facer nada que sirva pra gañar a vida decentemente, e antes de ter que servir cásase co primeiro que lle apareza, pois o capital dos pais xunto son hortas e separado hortiñas, si estas hortas non están empeñadas xa , ó usuario da terra, que lle proporcionou o diñeiro para estudar o señorito do seu irmao. Si repartisen a instrución entre as fillas como nos fillos, ensinado as fillas a gañar a vida decentemetne , ¿que

duda cabe que unha muller que sabe traballar, que sabe gañar a vida sen necesidade de ninguén, si lle aparece un rapaz que non é do seu agrado o manda a pasear e non ten o menor medo a quedar solteira? Só se casará con quen ela gosta de verdade, claro que iso non é unha proba para ser felices. Pois moitas veces os xenios non se dan ben, pero ha máis probabilidades de o ser, que cando se casan só por ter quen as manteña. (...)

## Actividades

1. Todos os nenos e nenas teñen dereito á educación. Podes imaxinar a túa vida sen poder aprender un oficio ou unha profesión para o teu futuro?
2. Cres que na sociedade actual aínda hai pais ou nais que pensan que o futuro da súa filla é o matrimonio?
3. Cres que nunha familia onde haxa nenos e nenas a educación é diferente para eles e para elas? En que se basea esa diferenza?
4. Cales foron as primeiras mulleres galegas que accederon á universidade?

Se o feito de que a muller teña unha independencia económica pode facer cambalea a sociedade patriarcal establecida, que destina a muller ao mundo do privado e ao home ao mundo social, ser considerada escritora leva, ademais, implícitas outras armas, leva a admitir que a muller é un ser que pensa e razoa. Rosalía de Castro é a primeira autora da literatura galega con conciencia de escritora e recoñecida por toda a colectividade. Ela

reflicte nos seus escritos a problemática da muller que decide facer da escrita a súa vida. Pensou e escribiu moito Rosalía sobre a imaxe que a muller escritora tiña socialmente no seu tempo: convertía a quen desexase ser escritora nunha muller “rara”, que provocaba, por unha banda, a crítica dos homes que pensaban que a virtude da muller era facer ver a sabedoría do varón e, pola outra, a incompreensión das outras mulleres que non admitían que alguén cuestionase a súa vida. Ademais, Rosalía tamén reflexionou sobre a escrita, sabía que ás mulleres aínda non lles estaba permitido escribir o que sentían e o que sabían, mais ela vaino facer, vai escribir do que sabe e do que sente, por iso se converte, desde o punto de vista social, nunha muller dexenerada, fóra do seu xénero. Sábeo e por iso pode escribir este poema co que comeza *Follas Novas* (1868):

Daquelas que cantas as pombas i as frores  
 todos din que teñen alma de muller  
 pois eu que n'as canto, Virxe da Paloma,

¿ai! ¿de que a terei?

Como Rosalía de Castro, tamén Emilia Pardo Bazán e Concepción Arenal escribiron o que as mulleres aínda non podían. Outras só entretían o paso do seu tempo con poemas ou novelas que non fixesen ningún mal, seguidoras da boa moral e da relixión, sen críticas políticas nin reivindicacións de tipo social, seguían sendo anxos do fogar. A muller escritora non estaba ben vista e, aínda que fose inofensiva cos seus escritos, cos seus versos con rima, e que se soubese que os podía enviar a certames literarios como os Xogos Florais, mellor era que os seus textos ficasen na casa e para a familia. Se a poesía aínda se toleraba, que a muller escribise narrativa era algo peor nunha sociedade na que non estaba ben visto a muller lectora de novela, xa que estas podían pervertela, como lle pasou a don Quixote. Non é estraño que escribisen con pseudónimo e, nalgúns casos, que este fose un nome de home.

Segundo as testemuñas que recolle o biógrafo de María Mariño, Xerardo Agrafoxo, a futura escritora era, na súa mocidade, “rara” e non se conformaba co papel que como muller estaba destinado para ela socialmente. María Mariño foi costureira, crea un parvulario en Escarabote, casa e convértese na muller do mestre ao que lle chega a axudar no seu traballo cando el está enfermo e, finalmente, é unha escritora que procura publicar a súa obra. Aínda hai moitas sombras na vida da noiosa, o que si se observa é a súa intención de dedicarse ao ensino, quizais ser mestra, xa que ser mestra nesa época representaba unha “superación” e tamén unha certa independencia. É na súa etapa de madurez cando comeza a escribir, é nesa etapa do silencio e do afastamento do Courel onde crea a súa obra. Uxío Novoneyra é quen descobre a poeta que hai en María Mariño, é quen, a través dun diálogo constante, dunha profunda relación literaria, nacida ao pé da letra e da escrita, se vai converter, sen dúbida, no primeiro interlocutor que comprenda os desexos da escritora. Uxío Novoneyra coidará da obra de María Mariño e coidará da súa imaxe como escritora, xa que el é quen a conecta co noso mundo, ao que chega só pola escrita.

Foi tamén a influencia de Uxío Novoneyra a que converteu a María Mariño en escritora en galego. Lembremos que falaba castelán na feira de Seoane, aínda que habitualmente usaba o galego “noiés” (segundo o testemuño do poeta Manuel María). Pintaba os beizos, ocultaba a idade, vestía de maneira distinguida e, coma moitas mulleres da súa época, cambiaba de lingua para parecer máis refinada. Dada a súa vontade de superación persoal, o cambio de lingua era entendido como un elemento necesario de refinamento.

Ela podía ter escrito unicamente en castelán, hai unha obra (a piques de se publicar) sobre as súas vivencias da Guerra Civil nestoutra lingua. As obras poéticas *Palabra no tempo* (1963) e *Verba que comenza* (1990) son as que a converten en escritora.

## ACTIVIDADES

1. Que obra literaria en galego escribiu Filomena Dato Muruais?
2. Desde a publicación de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro á publicación de *Palabra no tempo* transcorreron cen anos. Coa axuda da cronoloxía final, localiza as principais obras de autoría feminina escritas neses cen anos. A que xénero pertencen?
3. Procura, coa axuda do teu profesor ou profesora, o libro de Rosalía de Castro *Cantares gallegos*, busca a dedicatoria. A quen está dedicado? Por que?
4. Cal foi o verdadeiro nome de Fernán Caballero e de George Sand?

## As obras de María Mariño

María Mariño está incluída como poeta dentro da Xeración de 1936, con autores como Aquilino Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro, Carballo Calero, Eduardo Moreiras, Miguel González Garcés, Xosé María Álvarez Blázquez, Antón Tovar, Pura Vázquez, Luz Pozo Garza e María do Carme Kruckemberg.

María Mariño escribiu en galego dous libros de poemas e en castelán unha novela sobre a guerra e a posguerra, que aínda está inédita.

## Palabra no tempo

*Palabra no tempo* é o único libro que lle permitiu a María Mariño sentirse escritora, vivir a experiencia da publicación en 1963 e da crítica. Foi publicado pola Editorial Celta de Lugo e iniciaba unha colección que levaba o nome de Tesos Cumes, o prólogo era de Otero Pedrayo e un gravado de Reimundo Patiño convértese na portada do libro. Novoneyra foi quen se preocupou do libro: coñecía o prologuista, Ramón Otero Pedrayo, ao que admiraba moito, como todos os escritores da súa xeración, era moi amigo do ilustrador e buscou a editorial.

A obra consta de setenta poemas, segundo se nos indica na propia publicación, escritos entre 1958 e 1963. O libro divídese en tres partes: na primeira hai trinta e cinco poemas, na segunda vinte e nove e na terceira só seis composicións. Na primeira parte, hai poemas que teñen título: “Miña nai”, “O meu tempo”, “A morte”, etc. Son composicións que nos levan á infancia e á adolescencia da autora, aos lugares nos que morou e que nos transmiten como temas fundamentais a saudade pola infancia e a dor que produce a morte. Conxuga os poemas longos, ata de trinta e cinco versos, con outros máis breves. Na segunda parte, os poemas son breves, algúns divididos en dúas partes numeradas e expresan pensamentos moi profundos en poucas palabras e froito da reflexión sobre a realidade. Na última parte, recóllense os sonetos e, mediante esta composición clásica, transmite a relación coa natureza e a identificación entre obra e vida. A poeta sabe que crear é vivir.

## Verba que comenza

*Verba que comenza* é un libro que chegou ao gran público moi tarde, vinte e tres anos despois da morte da escritora. Os poemas foron escritos entre 1966 e 1967 e chegaron ás mans de Novoneyra que se converteu no seu defensor e no padriño da publicación. É a Asociación Cultural Catavento de Noia, á que pertencen, entre outras persoas, Xerardo Agrafoxo, biógrafo da escritora, Ana Romaní, poeta, e Avilés de Taramancos, tamén poeta, a que reivindicou o valor e importancia lite-

raria da escritora e, froito disto, é a publicación en 1990 do libro homenaxe, *Verba que comenza*, polo Concello de Noia, cando era concelleiro de Cultura polo Bloque Nacionalista Galego Antón Avilés de Taramancos.

O libro inclúe vinte e sete poemas da obra *Verba que comenza*, un fermoso poema do propio Avilés de Taramancos dedicado a María Mariño, unha investigación sobre a autora de Carmen Blanco, o prólogo de Otero Pedrayo da edición de *Palabra no tempo*, unha antoloxía de textos críticos, a reprodución dun manuscrito da autora e algunhas fotografías de Noia. O libro está ilustrado tamén por Reimundo Patiño.

En 1994 publícase *María Mariño. Obra completa* dentro da colección Letras Galegas de Edicións Xerais de Galicia, unha edición anotada e cunha introdución de Victoria Sanjurjo Fernández. É entón cando a obra *Verba que comenza* se publica cos seus trinta e tres poemas numerados. Esta edición contribuíu a que María Mariño se fixese familiar na poesía dos noventa, que influíse nas novas xeración poéticas e que, sobre todo, dialogase coas poetas máis novas, como Emma Couceiro ou María do Cebreiro.

En *Verba que comenza* abandona a poeta os metros clásicos, como o soneto e as composicións populares, para facerse dona do verso libre que nos ofrece nos trinta e tres poemas numerados e sen título. O libro trata da relación da vida coa escrita, da deterioración física que a poeta vive pola súa enfermidade e que desexa deixar no papel trillado. É un libro no que se fala con e da morte presentida. A poeta segue estando moi unida á natureza, como enraizada nela.

## A lingua poética de María Mariño

María Mariño escribe nun momento no que aínda non hai unha norma para a escrita. É así como debemos ler a súa obra e, cando falemos de incorreccións no seu galego, debemos ter presente que o facemos desde unha perspectiva actual, cando xa temos normas e regras que fixan o idioma. O galego da poeta María Mariño que xorde na súa obra é un galego popular que ten características do galego falado en Noia e do galego falado no Courel, formas dialectais que, ás veces, coinciden, por exemplo, o cheísmo. Na obra atopamos solucións da lingua como “camín”, “cas”, ou o emprego pronominal “il”, ou de formas verbais como “vein”, características propias do bloque oriental, onde se sitúa a fala do Courel, fronte a outras formas como “mañán” do galego do bloque occidental.

Na súa escrita atopamos:

Hiperenxebrismos, que son esas palabras que se empregan mal ao darlle a unha palabra culta unha forma aparentemente máis galega, sobre todo, porque a culta coincide co castelán. Os hiperenxebrismos ou hipergaleguismos eran de uso normal no galego literario, como brilar, primaveira, sincero, etc. no canto das formas correctas (brillar, primavera, sincero). Os escritores e escritoras que empregaban estas palabras buscaban unha maior diferenciación co castelán.

Vulgarismos como pirmeiro.

Castelanismos léxicos (tixeiras, pinar, campá), morfolóxicos (eres, iba, leer, sin, donde, a cume...) e gráficos (són).

A materia coa que traballa a escritora María Mariño é a lingua popular con características dialectais, que ela transforma na súa propia lingua poética como materia estética. Este foi un dos aspectos que máis valorou Méndez Ferrín e que fixo que Novoneyra a convertese en “dinamiteira da fala”.

POETAS CON  
MARÍA MARIÑO

Letras Galegas  
*maría mariño Carou*  
2007



Neste punto pretendemos ofrecerche a voz de catro escritoras de hoxe das que che propoñemos que leas os seus libros e, agora, que reflexiones sobre as súas palabras. Elas contestaron as nosas preguntas. Le simplemente e despois comentade as respostas na aula.

## Conversa con Heidi Kühn-Bode

### Quen é Heidi Kühn-Bode?



Heidi Kühn-Bode  
 Fotografía de Xurxo Lobato

Heidi Kühn-Bode é unha escritora galego-alemá que naceu en Baviera, Alemaña, en 1945. En 1968 chegou a Galicia e, desde aquela, vive aquí e no resto do mundo.

Está casada, ten tres fillas e dous netos, que se chaman Albertiño ou Albertinchen, en alemán, de sete anos, e Juanchiño ou Hänschen, de 5 anos.

Filóloga, escritora, profesora e tradutora (preferentemente de lírica galega), escribe en galego, alemán, castelán e inglés.

O seu lema é “a miña patria é a literatura”.

Escribiu *Fideliño, o carteiro*, unha novela da que pensa facer unha película; *Os mundiños*, unha obra de teatro pola que recibiu o Premio Estornela da Fundación Xosé Neira Vilas no 2003; *Teatro para contistas*, que tamén vos recomendamos; *Pomerania meu amor*, unha novela.

Revisa e actualiza as súas traducións ao alemán de poesías de Miguelanxo Fernan Vello, Luz Pozo Garza, Marica Campo, Yolanda Castaño, Xulio Valcárcel, Estibaliz, María Xosé Queizán, Manuel María, María do Cebreiro, Manolo Rivas, Fran Alonso e outros poetas.

Revisión de dúas novelas en galego e alemán, escritas no ano 2004. Revisión e escritura en alemán dunha obra de teatro en castelán chamada *Los apasionados amores de Yorinde e Yoringuel*, mais dunha obra de teatro en alemán chamada *Der Krieg der Äpfel*, cuxa versión en castelán leva o título de *La guerra de las manzanas*. Revisión e lectorado, para a súa publicación, do seu libro, ilustrado por J. de Geus, *The garbage and me* (O lixo mais eu), escrito a bordo do barco *SIRIUS* de Greenpeace.

### 1. Que é ser escritora?

Son escritora conxénita. Fun escritora sempre, sempre, desde pequena. Non teño recordos de non escribir. O máis brillante e divertido que teño na miña vida é a creación literaria, gústame moito! Non necesitas nada, un anaco de papel e un lapis... non é un oficio caro coma a pintura, a música ou a escultura.

## 2. Que é ser poeta?

Esperto ás tres da mañá porque escoito unha poesía no meu corazón, é case coma un recital ou coma un ditado. Mentres escribo, non poño música, estou escoitando unhas músicas fantásticas na miña cabeza case todo o tempo. Eu vivo coa música e o baile, en min, sempre están operativos.

## 3. Que é ser lectora?

Non paro de ler. Gústame tanto como correr ou nadar no mar. Preferiría antes a lectura ca a comida, se tivese que elixir. Vivo acompañada por libros, revistas, xornais e toda clase de papeis en diferentes linguas: alemán, inglés, galego, castelán e francés. Levo sempre libros moi pequenos para ler por se teño que esperar nalgunha parte, e tamén un caderno de coiro no que pinto e apunto. Agora estou estudando e lendo unha serie de libros sobre homeopatía, medicina natural e a botánica de plantas medicinais. É fascinante.

## 4. Que nos chega da vida de María Mariño? Da súa imaxe?

María Mariño é moi guapa e orixinal. Non copia os demais. Nunca tivo moito diñeiro, así que inventa cousas para ela. Ela sempre vai pintada e bonita e, como ademais é costureira, fai traxes moi bonitos para ela. É moi viva, de sorriso doado e de moito temperamento. Imaxino o perfume que botaría ela. Seguro que ela mesma sabía facelo, por exemplo, de pel de laranxa, de limón e de canela. Imaxino que botaría as tres cousas nunha potiña de auga e que as deixaría cocer a lume lento. Logo xa tería todo o *caldo de beleza*. O concentrado ten un recendo marabilloso, non che parece?

## 5. Como é a poeta María Mariño?

María Mariño andaba moito no bosque do Courel, miraba cada plantiña. Faimo moita graza, pois así fago eu: miro todo, todiño, cada folla, cada paxaro, cada flor. Ela buscaba a poesía na natureza. Fai frases moi sinxelas. Moitas veces xunta as palabras como se cantase. É moi bonito. Unhas riman, outras non.

## 6. Por que é importante aprendermos outras linguas?

Podes falar coas xentes doutros países, coas rapazas e nenos. É marabilloso ir de viaxe e poder falar coa xente e escoitar e comprender o que din cando falan. Tamén é bonito saber as letras de cancións noutras linguas. Saber varias linguas é un tesouro. Dá moita forza e seguridade. É como estar musculado.

## 7. É importante para a literatura galega que se traduza a outras linguas?

Eu traduzo as poesías galegas que me gustan ao alemán. É fundamental que, ante todo, se traduzan as poesías. Para min, son a maxia, a tona e a flor da literatura.

## 8. É bo cantar? Poderán converterse os poemas de María Mariño en cancións?

Poderíanse converter en cancións, por que non? Pero non para rapaciños, pois serían cantos melancólicos, máis aptos para adolescentes.

## 9. Como comezarías unha película na que a personaxe principal fose María Mariño?

**NO BOSQUE DO COUREL** (música de frauta, canto de paxaros, vento suave)

Unha rapaciña que é “aquela que sempre soia paseaba a ribeira”, unha rapaciña cantando no bosque, escoitando os paxaros, metendo os pés no río, collendo framboesas... xorde unha pomba que fala con ela... e logo escóitase a voz da nai:

**NAI:** *María! María! Meu Deus! María Mariño! Sempre metida no bosque e nas augas! Anda, ven!*

(Aparece unha ra de moitas cores, moi excéntrica)

**RA:** *Croac, croac, María Mariño! Vaia nome e apelido tan aghuado!*

**MARÍA:** *Sí, alucinaches. Non me croaques moito, ra, que estou escribindo. E, por certo, divina ra, como sabes o meu apelido?*

**RA:** *Cantoumo un paxaro sumamente bonito e extravagante chamado Alexander der Göttliche.*

**MARÍA:** *Ah, logho nada. É un sabichón, unha estatua de ouro e de prata, coñecido e aclamado en medio mundo; nós non temos nada; estamos perdidos no río da desgraza e do ridículo.*

**RA:** *Pois nada.*

**CAE O PANO E APARECE O PENDÓN** (Aí das xentiñas do teatro!)

## Conversa con María do Cebreiro

### Quen é María do Cebreiro?



María do Cebreiro

Nacín en Santiago de Compostela, en 1976. Publiquei os seguintes libros de poemas: *O estadio do espello* (1998), *(Nós, as inadaptadas)* (2002), *Non queres que o poema te coñeza* (2004), *O barrio das chinesas* (2005) e *Os hemisferios* (2006). Son autora dunha escolma de cancións que se titula *Damas negras* (2002) e do ensaio *As terceiras mulleres*. Colaboro no *Diario Cultural* da Radio Galega e dou clases de Literatura na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela.

### 1. Que é ser escritora?

Escribir é un xeito de comprender a realidade e de darlle sentido ao que nos pasa. Ser escritora consiste en imaxinar outros mundos e en lembrar que este mundo non é xusto. Por cada palabra dunha muller que escribe, hai tamén o silencio dunha muller que non pode escribir.

## 2. Que é ser poeta?

As poetas somos buscadoras de palabras. Nas palabras viven imaxes e emocións. Os poemas son mapas do tesouro e mensaxes na botella.

## 3. Que é ser lectora?

Ser lectora significa ser capaz de vivir, como se fosen propias, as palabras que outra persoa imaxinou para nós.

## 4. Que nos chega da vida de María Mariño? Da súa imaxe? Que é o que máis pode sorprenderte da súa vida?

María Mariño é unha muller misteriosa. Hai quen pensa que os seus poemas nacen dos segredos que agocha a súa vida. Seguramente era moi independente, e hai feitos que confirman a súa falta de acomodación aos valores sociais dominantes na época. Exerceu o oficio de costureira e casou relativamente tarde cun home máis novo ca ela. A súa relación co mundo literario tamén foi infrecuente. Desde o seu casamento levou unha vida máis ou menos illada. A súa amizade co poeta Uxío Novoneyra é esencial para entender a súa decisión de escribir poesía en galego e, sobre todo, de publicala.

## 5. Como é a poeta María Mariño?

Hai dous momentos esenciais na obra de María Mariño. En *Palabra no tempo*, a linguaxe é máis cantareira ca en *Verba que comenza*, ao que contribúe o uso da rima. Nos dous, en cambio, hai imaxes moi semellantes e, para alén da rima, un sentido do ritmo poderoso. Penso que en María Mariño

é fundamental o poder das imaxes, moitas delas tiradas do mundo natural. A súa habelencia para a creación de escenas, o poder da repetición e a súa liberdade no uso das palabras conseguen xerar sensacións insólitas en quen le. Pero para iso hai que deixarse levar por carreiros que non son os da lóxica. María Mariño precisa, aínda máis ca outros poetas, de lecturas cómplices.

## 5. Podes achegar algún poema teu que garde relación con María Mariño?

Neste poema emprego imaxes e procedementos que aprendín da lectura de María Mariño.

### ANCARES

A neve chega mesmo até os xeonllos.  
 Elas soben a costa.

Imaxínade, agora, que o camiño se abre.  
 Imaxínade mesmo que hai camiño,  
 que o bico da montaña esquece o vento  
 e mira para o chan.

A vida non separa o amor dos feitos.

Un día volverán ao seu país  
 que non ten escaleiras  
 nin caza, nin buratos.

Atrás quedou o valo e a semente,  
 a lámpada que ardeu até queimar a louza

Atrás quedan os ollos que non falan  
 e a boca que se pecha  
 e a man que non se dá.

Atrás quedan os homes e as mulleres.  
 Cada gota de chuvia, unha fronteira.  
 Nunca máis himno ou casa nobiliaria.  
 Elas non teñen frío. Aprenden a escribir.

### 6. Por que é importante aprendermos outras linguas?

Porque nos dá a oportunidade de comunicarnos con persoas que nos poden achegar outros xeitos de vida e outra visión da realidade. Porque cada lingua abre un mundo novo diante nosa.

### 7. É importante para a literatura galega que se traduza a outras linguas?

Si. Tan importante coma que outras linguas sexan traducidas ao galego.

### 8. Como influíu a guerra e a posguerra na literatura galega e na obra de María Mariño?

María Mariño foi testemuña dos bombardeos acontecidos en Euskadi durante a Guerra Civil. Sen dúbida, a experiencia límite da guerra houbo de influír na súa escrita, coma na súa vida e na de todas as persoas que sufriron a represión exercida durante o franquismo. Antes do alzamento fascista, a cultura galega acadara niveis salientables de normalidade. A guerra e a inmediata posguerra supuxeron unha ruptura na continuidade literaria. A partir da segunda metade dos anos cincuenta ten lugar unha tímida recuperación. Neste contexto xorden iniciativas editoriais como a colección Tesos Cumes de Edicións Celta. Aló María Mariño publicará, con limiar de Otero Pedrayo, a súa primeira obra, *Palabra no tempo* (1963).

## Conversa con Marica Campo

### Quen é Marica Campo?



Marica Campo

Marica Campo ten as súas orixes no Val do Mao. Traballa como ensinante e gústalle moito. É poeta e pode atopar versos moi bonitos cos que é capaz de escribir un libro de sonetos que se chama *Pedinche a luz prestada*. Pode explicarche moi ben como son as cidades con semáforos, estatuas, quioscos... e quen vive nelas, ou como é o campo cos seus animalíños, domésticos e salvaxes, como o esquío, o morcego, o grilo, todo tecido con soños, fantasías e variados labirintos que se abren co título do seu libro *Abracadabras*, libro que che recomendamos. O primeiro libro de poemas que escribiu titúlase *Tras as portas do rostro*. Tamén é narradora e publicou dous libros, un de relatos, *Confusión e morte de María Balteira*, e outro que é unha novela, *Memoria para Xohana*.

Uxía tamén canta un soneto de Marica. E Marica escribiu moitas cancións que cantan A Quenlla, Fuxan os Ventos e tamén Tino Baz. Intenta descubrir cales son esas cancións?

### 1. Que é ser escritora?

Ser escritora é escribir. Escribir é reencontrarse cos recordos do vivido e do lido e enfrontalos a un espello que os deforma. Non é crear porque partimos duns materiais preexistentes, é inventar pequenos mundos.

### 2. Que é ser poeta?

Atreverse a nomear o que non ten nome e sentirse frustrada porque nunca atinamos co nome das cousas. Querer apreender o inaprensible. Correr tras unha pantasma de luz que sempre se esvaece.

### 3. Que é ser lectora?

O maior dos praceres. Embarcarse en navíos que outros fretaron para nós e participar en mil e unha travesías maravilosas.

### 4. Que nos chega da vida de María Mariño? Da súa imaxe? Que é o que máis pode sorprenderte da súa vida?

Unha imaxe bastante borrosa a nivel físico, aínda que se intúe que era unha muller bastante guapa. Unha vida, aparentemente, coma tantas outras: estadia en Euskadi, volta a Galicia, un casamento humilde (lémbrese a condición económica dos mestres daquela época), un oficio abandonado para seguir o home... Imaxino o choque que tivo que ser para ela deixar o mar de Noia para vivir no Courel "dos tesos cumes". Unha soidade infinita ao lado dun home xordo, talvez ensimesmado polo illamento que comporta a xordeira... Pero o consolo de se atopar, coma cun oasis no deserto, cun poeta que é a voz daquela terra. Tería, quizais, a sensación de dar, por fin, con alguén que sentía o

mesmo ca ela perante a natureza e o mundo. Nacería unha amizade alén chea de palabras e tamén de silencios. A xente da aldea habíase preguntado máis dunha vez que era o que unía ao mozo poeta e á máis madura muller do mestre.

### 5. Como é a poeta María Mariño?

Unha muller cun mundo de contradicións, sentimentos e dor para o que non atopa palabras, por iso necesita reinventar e retorcer a lingua. Non é precisa a rima porque obstaculiza a expresión, a liberdade de dicir o que pensa e sente. Sobran os artificios onde todo é autenticidade. O resultado é unha poesía moderna, intensamente viva, orixinal e única.

### 6. Podes achegar algún poema teu que garde relación con María Mariño?

Podería expresar a procura de María Mariño un meu poema, "A tecelá en outono".

#### A TECELÁ EN OUTONO

A tecelá en outono fai reconto dos fíos,  
 abella liba tempo, usureira recada

moedas de silencio, cartafoles e pedras,  
 milladoiros dos días.

É véspera de todo, todo ha volver ao todo.  
 O tapiz das galaxias demanda novas corese eu  
 procuro en algures, cara atrás entre a néboa.

Cómpre saber quen é a tecelá,  
 vén co rostro velado e non a recoñezo.  
 Talvez a voz, a ollada, aquel bater a escuras  
 do corazón, me sexan familiares.  
 Trae á altura dos labios unha canción antiga,  
 arde como unha rosa e deita cinsa branca.

A cinsa faise nube e chove sobre as cousas  
 e non lembro a palabra, o nome a que responde.

Memoria súa eu son, casa habitada  
 por ela que urde sempre sen acougo.

Teño o regazo cheo de nobelos  
 para o voraz tear en que se ocupa,  
 mais hai un, anoado, que se nega a xirar,  
 unha ruta cegada na espiral do recordo.

Acaso alí o graal, o talismán perdido,  
 a chave para a porta do regreso,  
 a efixie verdadeira, a palabra non dita,  
 o río que non seca, a cidade futura.

A tecelá reclama e eu engánoa con fíos  
 de cor gris, de luz morta, de fume que esvaece.

Doulle visións de días, migratorios paxaros,  
 sombras de sombras lonxe, farrapos doutras  
 [teas.

Mais ela quere urdir a transparencia,  
 ela busca que o pano lle escintile,  
 non renuncia ao esplendor, beira na noite  
 polo nobelo aquel tan anoado.

Eu non lle falo, acudo, toco os dedos  
 da man que estende cega até apalparme.  
 Semella unha alma en pena, unha mendiga tola  
 a pelexar comigo na maraña.

Cómpre saber quen é a tecelá.  
 Se eu dixer o seu nome, se lle albiscar o rostro,  
 quizais será posíbel andar o labirinto,  
 atopar o comezo do fío e dar co cabo.  
 Mais talvez non ten nome e só o meu nomea  
 o Nunca Máis das horas, o país sen retorno.

## 7. Por que é importante aprendermos outras linguas?

Por moitas razóns, cada lingua é unha cultura dentro da cultura universal. Temos tantas culturas como linguas dominamos. Nunca comprenderemos o que hai de constante na condición humana e o que lle corresponde a outros factores (historia, xeografía, economía, crenzas...) se non coñecemos a lingua, que é a verdadeira portadora de todos eses factores.

Porque os medios de comunicación reduciron as distancias e o normal é que haxa moita máis comunicación entre os distintos países, que viaxemos máis. Calquera empresario, estudante ou profesional hase ver obrigado a pasar estadias máis ou menos longas noutros países. Así as cousas, será unha esixencia para calquera posto de traballo cualificado.

Aínda así, o nivel de comunicación máis profundo e matizado terá que se reservar para a propia lingua, a de asentamento, que constituirá os alicerces para a aprendizaxe de calquera outra.

## 8. É importante para a cultura galega que se traduza a outras linguas?

Si. Isto entendérono ben os homes da Xeración Nós. É o xeito de levar Galicia ao mundo. Como as traducións doutras linguas ao galego é o modo de traer o mundo a Galicia. É establecer uns vasos comunicantes para enriquecérmolos mutuamente.

## 9. Como influíu a guerra e a posguerra na literatura galega e na obra de María Mariño?

Todas as guerras marcan as vidas dos que as padecen. Non podía ser menos na obra de María Mariño. Despois dunha contenda fratricida, os seres humanos fican cunha desconfianza, cun pesimismo que aflora en moitas circunstancias e, especialmente, na expresión da propia intimidade.

As mulleres sempre foron e seguen a ser as maiores vítimas porque non son elas soas: son os fillos que deben manter, son os homes aos que aman ou dos que dependen... A día de hoxe, esta traxedia adquire dimensións astronómicas. Pensemos en Iraq, Afganistán ou os países africanos asolados por continuas loitas tribais...

## 10. É bo cantar? Poderán converterse os poemas de María Mariño en cancións?

É un xeito de que a poesía chegue a un gran número de persoas. Canta xente non coñece a “Negra sombra” mercé á música de Xoán Montes. Os poemas de María Mariño non só se poden converter en cancións, senón que xa hai polo menos un musicado, que canta Uxía hai anos.

## 11. Como comezarías unha película na que a personaxe principal fose María Mariño?

Penso nun plano do mar de Noia que, por un deses “trucos” cinematográficos, se fundise cunha imaxe dos cumes do Courel, e que logo aparecese ela sentada debaixo dun castiñeiro, por exemplo, cun caderno de raias e un lapis escribindo. Escoitaríase a súa voz co poema.

## Conversa con María Reimóndez

### Quen é María Reimóndez?



María Reimóndez

María Reimóndez Meilán naceu en Lugo e é tradutora e intérprete de profesión. O seu primeiro libro publicado é *Moda galega* (2002), de poesía, e no ano 2004 publicou *O Caderno de bitácora*. No ano 2006 puidemos ler *Usha*, unha bonita historia que che recomendamos. Uxía, Usha para os seus amigos, escribe o relato da súa estancia en Devastana, unha vila do estado de Karnata, na India. A rapaza galega acompañaba a súa nai, membro dunha ONG, e conta a vida cotiá da súa escola india. Alí fíxose amiga de Lakshmi e Deepak, aprendeu canarés, coñeceu novos costumes e historias antigas e descubriu que alí o seu nome significa a primeira luz do amencer.

Escribiu outra novela que se chama *O club da calceta* no 2006. Colabora con artigos de opinión no xornal *A Nosa Terra* e na plataforma dixital Vieiros. María Reimóndez leva traballando en cooperación desde o ano 1994, cando realiza a súa primeira visita a un proxecto de desenvolvemento na India. Despois de novas visitas, principalmente de formación e participación en diversos proxectos, todos na India, funda a organización non governamental de cooperación ao desenvolvemento Implicadas/os no Desenvolvemento ([www.implicadas.org](http://www.implicadas.org)) que leva traballando na India desde o ano 1998 e, desde 2003, en Etiopía, en proxectos de desenvolvemento integral, cun claro compromiso pola superación da discriminación de xénero como base do desenvolvemento perdurable. María Reimóndez é tamén fundadora e secretaria da Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación ([www.agpti.org](http://www.agpti.org)).

### 1. Que é ser escritora?

Escribir é como falar, pero con moita xente, ou sexa, comunicarse. E tamén é crear ou recrear historias, mundos, persoas. É unha maneira de xogar coa imaxinación e coa lingua. E nese xogo implicamos a quen nos le, que pode tamén sufrir e rir e penar e gozar coas nosas personaxes, poemas e historias.

## 2. Que é ser poeta?

A poesía é unha maneira de falar do mundo que nos rodea, é o xogo coas palabras máis aventureiro porque podemos facer delas o que queiramos. A poesía permite que as persoas que lean imaxinen moitas cousas diferentes porque tende a ser aberta, é dicir, que as lectoras e lectores poden interpretar moitas cousas diferentes do mesmo verso. A poesía é a forma máis condensada de literatura.

## 3. Que é ser lectora?

Todas as persoas que escribimos é porque primeiro lemos. Porque lemos moito. Nos libros está todo. As aventuras, os sentimentos, personaxes que nos inspiran ou que nos repelen, maneiras diferentes de ver a realidade, outras culturas. Ser lectora é tamén ser parte dunha comunidade de persoas que se apaixonan coas palabras e que atopan nelas consolo e sabedoría.

## 4. Que nos chega da vida de María Mariño? Da súa imaxe? Que é o que máis pode sorprenderte da súa vida?

A min chámame a atención da vida de María Mariño a súa pouca ansia de ser coñecida. Hoxe vemos moitas persoas que queren saír na televisión, que buscan a fama sen mérito ningún. María Mariño contrasta moito con iso porque foi unha persoa que o que buscaba era ser ela mesma, sen importarlle que a visen as demais. E iso non era doado para ela porque na época na que viviu, igual ca agora, pero diferente, a sociedade quería impoñerlle a maneira de ser. Isto é algo que, en especial no caso das mulleres, ten moita importancia. Na época en que viviu María Mariño, unha muller non podía mercar unha casa ou abrir unha conta bancaria ao seu nome, tiña que ser sempre no nome do marido ou do pai. As mulleres non podían decidir ter fillas ou fillos fóra do matrimonio, nin ter unha profesión propia ou mesmo un aspecto

que non fose o que se admitía socialmente. María Mariño sempre fixo cousas que se consideraban inapropiadas para unha muller, como andar soa, escribir ou vestir e maquillarse como lle parecía. Escribir require o seu tempo e tamén soitude. As mulleres, xeralmente, e máis na época de María Mariño, tiñan que encargarse do traballo da casa, do traballo fóra da casa e ninguén consideraba que tivesen dereito a estar en soitude (sempre tiñan que ir acompañadas aos sitios, por exemplo). Ela arrepúxose a iso e buscou o seu espazo para escribir.

## 5. Como é a poeta María Mariño?

A poeta María Mariño fala nunha linguaxe próxima á xente que a rodea. Moitas veces considérase que a poesía ten que ser moi requintada para ser boa, e tanto María Mariño coma min non pensamos nin escribimos así. Ela utilizou a lingua que a rodeaba e dignificouna deixándoa escrita porque as palabras, se non se escriben, pódense acabar perdendo. Tamén é unha poeta que utilizou temas e imaxes das vidas das mulleres, cousa que, mesmo na actualidade, segue sendo algo moi destacable e que na súa época o era aínda máis.

## 6. Podes achegar algún poema teu que garde relación con María Mariño?

Enviounos este poema que se publicou en *Moda Galega*, 2002

Fragoso: Moda Chema

Imaxino  
 que son demasiado rara  
 para as amigas  
 que adoitaba ter.  
 Elas son  
 coma a cancela  
 e os vestidos  
 desta tenda,  
 coma unha aparencia,

unhas limitacións  
 que me enferman.  
 Alédome  
 de que quedasen atrás  
 e por mal que lles pese  
 non conseguiron facer  
 que me sentise estraña.  
 Nin por ser feminista  
 nin por fala-la miña lingua  
 nin por dicir que elas  
 e todo o demais  
 me dan polo cu  
 mentres poida seguir indo  
 á India, ou a Madagascar,  
 onde sexa,  
 para sentirme menos lonxe  
 da miseria.  
 Afortunadamente,  
 xa quedaron atrás  
 as cancelas.

### 7. Por que é importante aprendermos outras linguas?

Coñecer outras linguas é abrir os ollos ao mundo, coñecer outras culturas, xentes e realidades. As linguas lévannos a viaxar e, tamén, cantas máis aprendamos máis relacións atoparemos entre elas. Para min, as linguas son parte fundamental da persoa que son, danme de comer grazas ao meu traballo de intérprete e tamén me dan de comer alegrías e experiencias grazas ao meu contacto con persoas, con libros e con países nos que sempre hai algo que aprender.

### 8. É importante para a literatura galega que se traduza a outras linguas?

A tradución é fundamental para calquera literatura porque permite que se nos coñeza e que persoas doutros países poidan achegarse a Galicia. Cando escribimos en galego, escribimos para o público que nos rodea, para a nosa sociedade, pero a literatura ten esa capacidade de apelar ao interese de calquera, sexa do lugar que sexa. Iso só pode conseguirse coa tradución.

### 9. Como influíu a guerra e a posguerra na literatura galega e na obra de María Mariño?

As guerras deixan marcas imborrables nas persoas e nas sociedades. Tamén, claro, na literatura. Ninguén pode vivir unha guerra sen medo, sen sangue, sen perdas, sen destrución e sen a pobreza posterior. Todo iso está presente tamén na literatura, e mais cando despois da guerra non vén a paz, senón unha ditadura que seguiu matando xente e que eliminou os dereitos das persoas, sobre todas as mulleres, que pasaron de poder votar, traballar, estudar, divorciarse, abortar e vivir en liberdade a ter que depender totalmente dos homes e a vivir dentro da casa facendo o traballo doméstico. Ese cambio é moi difícil de asumir. Nas guerras, as mulleres vivimos moitas veces o medo e a perda, en moitos casos tamén estamos na fronte, e nós somos máis vítimas de violacións e abusos que nunca poden esquecerse. E logo, cando remata a guerra, como pasou, en Galicia a situación nosa tampouco mellora. Na poesía de María Mariño hai un recordo da infancia que, aínda que duro, ten algo sempre de positivo en comparación co que viviu despois, se cadra porque aínda non pasara a guerra e intentaba volver a esa época para refuxiarse dos recordos que viñeron despois.

### 10. É bo cantar? Poderán converterse os poemas de María Mariño en cancións?

As poesías e as cancións están feitas dunha mesma pasta, o ritmo. O himno galego foi primeiro unha poesía. Igualmente a “Negra sombra” ou “Lela”, cancións ben coñecidas. A música engádelle vida á poesía e faina vivir na boca das xentes. Por iso estaría ben que os poemas de María Mariño tivesen música.

## 11. Como comezarías unha película na que a personaxe principal fose María Mariño?

Comezaría na Noia da súa infancia con algún dos poemas nos que fala da súa vida nesa vila.

### María Mariño noutras linguas

#### Sabías que...

Algúns poemas de María Mariño foron traducidos a outras linguas e formaron parte de tres antoloxías? En 1976, aparecen na antoloxía bilingüe (galego-castelán) *Poesía gallega de posguerra (1939-1975)*, de González Garcés; en 1984, en *Antología de la poesía gallega contemporánea* (galego-castelán), de César Antonio Molina, e, finalmente (2004), no volume titulado *Compañeira tristeza. As poetas galegas do século XX* (galego-ruso). A tradución das poetas galegas ao ruso está editada polo Centro de Estudos Galegos da Universidade de San Petersburgo, a responsable da edición e da escolta dos poemas e poetas é Elena Zernova.

Heidi Kühn-Bode vive desde hai anos en Galicia e está totalmente integrada na súa realidade, por exemplo, é socia da Asociación Galega de Escritores (AELG)? Lle gusta moito traducir e fixo versións ao alemán de diferentes poetas galegos e galegas? Ofrecémosche un poema de María Mariño de *Verba que comenza* ('Wie das Wort anfängt') traducido ao alemán por Heidi Kühn-Bode. Pode ser que saibas alemán, ou que coñezas alguén que o fale, ou que alguén na túa aula nacesse alí. Se é así, fai o posible porque se escoiten na túa aula as palabras en alemán.

10

Linme hoxe toda por dentro.  
 Linme!  
 Como me está chegando!  
 Como me apaña!  
 Eu non sei,  
 non sei si me chega ou vou por ela.  
 Non o sei.  
 Ouh, pra que me trouseches si hoxe me levas?  
 Hoxe,  
 hoxe, día de todos en un.  
 Infinidá o tempo. Hoxe!  
 Hoxe de quen todos somos na marea sin ondas,  
 sin velas,  
 sin barcos en coor vello.  
 Hoxe, de quen?  
 Hoxe: dirán uns.  
 Hoxe: dirán outros mentras...  
 mentras reparan no que non hai.  
 En hoxe todos,  
 todos damos do fin o paso del.

Meu amigo, onte!  
 Ti vas quedando,  
 quedas pregón que enmarca nas áas do tempo a voz  
 que ti mesmo diches sinxela e pulida, aquela.  
 Ti quedas como queda o aire  
 entre as cousas que son  
 como que da loita,  
 como queda a terra,  
 como queda a Forza  
 aquela en que ti vas a derradeira,  
 derradeira,  
 vas calado.  
 Calas mentras contas as presadas que de ós van  
 caendo,  
 vas na verba,  
 verba que rixe,  
 verba enteira que é.  
 Vas e dis anque calas e non cingues  
 xeito novo.  
 Pro si:  
 de nós levas.

10

Ich hab mich heute richtig von innen gelesen.  
Ich hab mich gelesen!  
Wie das bei mir ankommt!  
Wie das zu mir passt!  
Ich weiss nicht,  
ich weiss nicht ob es zu mir kommt  
oder ob ich es holen muss.  
Ich weiss es nicht.  
Eh, warum hast du mich erst hergebracht,  
wenn du mich jetzt wieder wegholst?  
Heute,  
heute, die Tage aller in einem.  
Unendliche Zeit. Heute!  
Das Heute, von dem wir alle wie ein Meer ohne  
Wellen sind,  
ohne Segel,  
ohne altfarbene Schiffe.  
Heute, von wem?  
Heute: sagen einige.  
Heute: sagen andere während...  
während sie merken dass es nichts gibt.  
Im Heute alle,  
alle tun wir vom Ende den Schritt dazu.  
Mein Freund, gestern!  
Du bleibst zurück  
der Ausrufer der die Stimme in die Flügel der Zeit  
einrahmt  
die du selbst einfach und erlesen gesagt hast, jene.  
Du bleibst dort wie die Luft  
unter den Dingen die sind  
wie der Kampf besteht  
wie die Erde besteht  
wie die Kraft besteht  
jene, mit der du bis zum Ende gehst,  
bis zum Ende,  
bist du stumm.  
Du schweigst während du die Schmutzpartikel  
zählst die von uns  
abfallen,  
bist im Wort,  
im Wort das zählt,  
das ganze Wort das ist.  
Du gehst und sprichst obwohl du schweigst und  
keine  
neue Form umhüllst.  
Aber ja:  
von uns nimmst du es weg.

# POETAS CON FUTURO

Letras Galegas  
*Maria Marino Carou*  
2007



Velaí estes textos literarios que nos chegaron coma un galano, textos de persoas moi novas ás que lles gusta enredar coa lingua e coa literatura, pasar algo do seu tempo tamén en soidade, nun descanso entre a escola e os xogos. Gústalles transmitir o que senten, deixar nun papel o que a súa curta vida lles vai ditando, como fixo María Mariño. Persoas noviñas, un pouco baixas, xa que aínda non acadaron todos os centímetros de altura que van ter, é dicir, están aínda para as medras. Elas, el, saben que son escritoras e escritores de nacemento e que teñen moito futuro por diante. O seu futuro é o da lingua e o da cultura. Sabemos que hai moitas máis persoas aínda baixiñas que tamén escriben, quere-mos que estes textos vos animen a seguir facén-doo, porque escribir tamén é unha maneira de xogar coas palabras e de viaxar moito, dunha maneira semellante a cando se le. Para todas e todos vós, tamén para as persoas máis altas e con algúns anos máis, foron escritos estes poemas destas persoas aínda baixiñas que, coma vós, teñen o futuro nas mans.

#### POEMA SOBRE MARÍA MARIÑO

Muller - escritora  
 Amiga do Courel,  
 Ronsel dunha Noia  
 Íntima e familiar,  
 Arrecendes a lilas.

Marrón - negro,  
 Amarga tristura  
 Rosaliana  
 Ignorada no tempo.  
 Nãñaras de Novoneyra,  
 O amigo que te alentou.

#### POR QUE ME GUSTA ESCRIBIR?

Gústame escribir porque podo expresar sentimen-tos como a tristeza, a dor e a alegría sen apenas dicir a que me refiro.

É unha forma de falar moi libre. Podo utilizala e contar o que realmente quero sen que os demais se dean conta. É bonito escribir.

#### INFLUENCIA

A influencia do tempo.  
 no corpo, no sentimento, rematei as miñas palabras.  
 no amor e no pensamento;  
 chove  
 auga,  
 chuvia,  
 frío.

O tempo e o amor,  
 sinónimo de poder,  
 calor e fedor  
 do sangue envelenado.

Chove,  
 chuvisca pequena.  
 Auga,  
 casas augacentas.  
 Chuvia,  
 chuviñoso paraugas.  
 Frío,  
 arrefrío co medo.

A influencia é un poder  
 que nos ten asustados,  
 torpes  
 e  
 envelenados.

Pode que a influencia  
 sexa algo máis,  
 unha palabra,  
 unha frase sen sentido,  
 un verso inútil  
 dun vago escritor...

Influír en alguén.  
 Influír en algo...  
 unha rosa,  
 un gato,  
 unha persoa...

Xa non sei que dicir,  
 No próximo poema direi  
 o que neste non dixen.  
 Palabras, versos  
 que despois non recordarei.

#### Andrea Ramos

10 anos. 5.º primaria  
 CEIP Rosalía de Castro - A Coruña

María Mariño

*Son a néboa que anda soia*

Son unha néboa  
 que divaga por un mundo  
 cheo de negro.  
 Son unha néboa  
 que lle doe moito o peito,  
 que ten que refuxiarse,  
 nun *papel branco,*  
*trillado.*  
 Un papel que maltrato  
 un papel cheo de feridas,  
 que *berra,*  
*berra entre os fortes*  
*desde onde as miñas verbas che magoan.*

*Das cousas que non se atopan,*  
*tamén son*  
*das ondas que soio va, van e van.*  
 Das ondas que se erguen  
 sen sentido  
 para acabar morrer na costa,  
 que volven e que veñen  
 nun andar aloucado,  
 pois tamén *de cando veñen e vein vindo,*  
*delas tamén son.*

*Son o sol que quenta as*  
*e a dor desta folla,*  
 a que fago dano, onde un lapis esmaga,  
 o puro branco deste papel trillado,  
 que *aquí che deixo,*  
*neste percuro das horas,*  
 para intentar sedar a miña dor,  
 que sae do máis profundo,  
 un laio apagado,  
 un laio dunha néboa,  
 que *é sono que rixe*  
*mundo que verte tempo.*

#### PALABRAS

O escribir, son milleiros e centos de cousas en unha, e eu tan só poderei dicir algunhas, porque para o resto, xa non habería palabras:

- O escribir é contar a imaxinación, as figuras e frases que xorden do interior
- O escribir é pór nun papel, o que non podo dicir en voz alta.
- O escribir é buscar e formar a voz máis fermosa do corazón.

- O escribir é sacar cousas do máis profundo da alma.

**Brais Martínez Basalo**

1.º A ESO  
 IES San Paio de Tui

¡Ola, Manuel!

Escriboche porque hoxe é o Día das Letras Galegas e está dedicado a María Mariño Carou, unha poeta que viviu bastantes anos no Courel. Naceu en Noia, en 1907; podería ser a nosa bisavoa!

Como ti sabes, antes a maioría da xente non estudaba. Moitas cousas das que sabía María Mariño aprendéraas por si mesma.

Cando xa era maior comezou a facer poesías. Ela só publicou un libro, que se titula *Palabra no tempo*. Fixo un amigo que era do Courel. Chamábase Uxío Novoneyra. Tamén era poeta e recitaba moi ben. A xente da cultura coñecía moitos poemas de María Mariño porque llos recitaba Novoneyra. Logo, cando ela xa morrera, publicaron un libro que se titula *Verba que comenza*.

Eu coñezo un poema de María Mariño desde que era pequena, porque a miña nai púñame moitas veces un disco de Uxía que ten unha canción moi bonita coa letra desta poesía. Seguro que ti tamén a coñeces. Fala do medo de vogar e de como lle vai pasando.

María Mariño, en moitos dos seus poemas falaba da natureza e non me estraña, porque no Courel hai moita vexetación, grandes montañas e paredes case en vertical. Cando eu estiven alí había néboa e parecía un lugar moi misterioso.

A min gústame que lle dediquen a unha muller as letras galegas porque moi poucas veces o fan. Con María só levamos tres.

Xa me despido, espero que no colexio aprendamos moitas cousas sobre María Mariño.

Un bico.  
 Aloia

Ler é unha cousa que me gusta un montón, porque nos libros aparecen aventuras, moitas aventuras, e a min encántanme as aventuras.

Gústame os libros de fantasía, de poesía e, sobre todo, os que falan da natureza.

Ler, para min, é un pracer. Ao mellor paso horas e horas lendo contos. (As veces os meus pais bérranme porque á hora de comer levo un conto para a mesa.)

Tamén me gusta ler en voz alta, ata ás veces lles leo aos amigos un conto enteiro.

Tanto coma ler gústame escribir; teño a miña carpeta do ordenador e alí gardo cousas que escribo.

Desde que aprendín a redactar todo o mundo me di que o fago moi ben. Eu escribo cousas que imaxino, penso e soño.

**Aloia Insua González**

7 anos. 2.º primaria  
 CEP Antonio Magariños - Cambados

Ola, María:

Chámome Iria e escriboche esta carta para contarche como te coñecín. Eu non sabía nada de ti pero miña nai o outro día contoume que o día das Letras Galegas deste ano se lle dedicaba a unha poeta galega, pouco coñecida, chamada María Mariño. A verdade que eu non sabía quen eras pero ela tróuxome un libro ao día seguinte sobre a túa vida e a túa obra.

María acabo de coñecerte e xa me sinto amiga túa.

Sei que naciches hai moitos anos nun lugar moi fermoso, que mira ao mar chamado Noia. Lin que a túa nai era costureira, coma a miña avoa Tita, e o teu pai era zapateiro, como o avó do meu pai, tamén que dende moi nena soportaches unha vida chea de pobreza e de desgrazas.

Fuches moi valente coa túa enfermidade, a leucemia, que eu coñezo ben porque un neno do meu colexio morreu da mesma enfermidade.

Lin uns poucos dos teus poemas e algúns pareceronme difíciles de entender pero outros semellaban que eu os podía comprender un pouquiño como o que lle dedicaches a túa nai.

A min María gústame moito ler, e aprender poemas e recitalos, non che sei explicar moi ben o motivo simplemente é porque me gusta.

Algunhas veces fago un pequeno diario, hoxe hei pór nel que lle escribín unha carta a unha autora galega á que nunca poderei coñecer en persoa pero que coñecín algo dela a través do libro que a miña nai me deixou para ler.

Finalmente, María voulle contar as miñas amigas quen fuches para que tamén saiban un pouquiño sobre ti.

un bico María.  
 A túa amiga Iria

**Iria Vázquez Rodríguez**

4.º C primaria  
 CEIP Xosé Fernández López - O Porriño

**Actividades**

1. Que nos transmite Andrea Ramos no seu poema sobre María Mariño? A que outros dous poetas fai referencia? Que quere dicir a palabra “ronsel”?
2. No poema “Influencia”, Andrea Ramos fala do tempo cronolóxico e do atmosférico. En que exerce o tempo a súa influencia? Que se nos quere transmitir no remate do poema?

3. O poema “María Mariño”, de Brais Martínez Basalo, é unha visión da poeta a través da lectura do poema número 1 de *Verba que comenza*. Procura na antoloxía de textos que che ofrecemos de María Mariño este poema. Localiza, no interior do poema de María Mariño, as palabras que van en cursiva na composición de Brais.
4. A relación entre o poema de Brais Martínez Basalo e o poema número 1 de *Verba que comenza* é de intertextualidade. Podes explicar que é a intertextualidade?
5. Fíxate na ilustración de Brais Martínez Basalo sobre o poema, que che suxire?
6. Aloia Insua González utiliza o xénero literario da epístola para falarnos de María Mariño e escíbelle unha carta a un amigo, Manuel. Que información obtemos sobre a vida de María Mariño nesa carta? Como describe O Courel?
7. Aloia Insua González fai referencia a un disco da cantante Uxía que se chama *Danza das areas* e é do ano 2000. Coñeces algunha canción de Uxía?
8. Iria Vázquez Rodríguez tamén utiliza o xénero epistolar e escíbelle unha carta a María Mariño. Que relación persoal trata de establecer a escritora con María Mariño? Por que se sente amiga súa? Como a coñeceu?
9. Que semellanzas existen entre a familia de María Mariño e Iria Vázquez Rodríguez?
10. Que lles vai contar Iria ás súas amigas? Que vai pór no seu diario?
11. Recolle todas as opinións dos textos precedentes e entre todas elabora cinco motivos para escribir e cinco motivos para ler.
12. Agora é o momento de que ti escribas. Propoñémosche varias posibilidades:
  - Escribirlle unha carta a algunha persoa falándolle da autora á que se lle dedica o Día das Letras Galegas este ano.
  - Escribirlle unha carta a María Mariño contándolle a túa opinión sobre os seus poemas, como a coñeciches e todo o que consideres respectuosamente oportuno.
  - Escribir un poema baseándote noutro de María Mariño.
  - Escribir un poema sobre o que desexes.
  - Escribir un texto breve en calquera xénero literario.

ANTOLOXÍA DE  
MARÍA MARIÑO

Letras Galegas  
*María Mariño Carou*  
2007



### María Mariño nos poemas

Ofrecémosche agora unha selección de poemas dos dous libros publicados por María Mariño. Velaí, pois, a escritora coa súa propia voz, coa herdanza que nos deixou.

No remate da cada poema engadimos unhas suxestións para que na lectura repares nalgunhas características da autora, na temática que trata na obra, nalgúns recursos expresivos ou na súa lingua. Tamén che propoñemos reflexións sobre outros aspectos que nos poden facer pensar e que non se ven no poema. Ás veces, achegámosche algún texto doutra autoría para que poidas relacionar co poema da autora. Tamén desexamos que sexas ti quen escriba, ofrecémosche algunhas ideas. E tamén queremos que sexas ti quen procure información sobre certos aspectos e quen, como investigador ou investigadora, dea co achado.

### De Palabra no tempo

Inda vou na meniña  
 aquela que fogueaba sin leito!

Son aquela!  
 Son aquela que no bosco  
 escuitaba o himno dela!

Son aquela mañanciña,  
 entre orballo das rosas,  
 entre area de sendeiros,  
 onde atopaba a campana.

Caladiña eu chamaba  
 en berros que hoxe esquezo,  
 cando o navío de lonxe  
 o meu mar cheo atracaba.

Son aquela!  
 Son aquela tarde queda  
 que no serán se chamaba

miña aurora sin coores  
 chea dun farto rebusco  
 que en un xordo a min chegaba.

Son aquela!  
 Son aquela pena nubra  
 que de mofo entrenzaba  
 a lonxe voz do poeta,  
 cando aínda non sabía  
 que era para ela  
 o que aquela voz narraba.

Son aquela!  
 Son aquela sempre soia  
 que paseaba a ribeira  
 a ver si nela atopaba,  
 a ver si nela afogaba.

Eu non sei,  
 eu non sei son sinceira.  
 Eu sentía un lonxe triste,  
 eu sentía nel ledicia,  
 eu quería quedar soia,  
 eu quería compañía,  
 aquela que eu non sabía!

Hoxe o sol enxuga a néboa.  
 Os dous tecen amores.  
 Han de saber algo dela!

### Actividades

1. Quen é esa neniña da que se fala no poema? Como nos transmite a poeta o pasado e o presente? Que relación manteñen o sol e a néboa coa neniña?
2. Despois de ler o poema imaxina esta meniña. Fai unha descrición física, imaxina como ía vestida.
3. Que características ten a mañanciña do poema? Que características ten a tarde?
4. Que é unha anáfora? Procura as anáforas neste poema.

### MIÑA NAI

Canta morte eu vivín  
 polo alento ó revés do meu sentir!  
 Erguínme e fun cara arriba, non atopei que decir.  
 Ceguiña corrín cara abaixo.

Atopeiche, miña nai!  
 Atopeiche!

Na escaleiriña de pedra,  
 no recendo do pinar,  
 no banco de San Martín, co rosariño na man,  
 Á dereita, no Convento, atopeiche!  
 E logo, pasando a Ponte, camiño da Pedra Chan.

Atopeiche, miña nai!  
 Atopeiche!

Volvo de novo en min,  
 Volvo de novo a olvidar!

Arrecendo a túa chombra, que onte gardei sin lavar,  
 Arrecendo a túa mantilla e volvo de novo a olvidar!

Atopeiche!

Pousa está a túa manciña na tixeira que eu colguei  
 como medalla -ouro vello!- na cadea do teu ser.

Son ser das túas penas,  
 de ledicias e amores,  
 son cadea enfurruxada,  
 vertida das túas veas.

Si ma poderas limpar  
 e que brillara en contento,  
 eu berraría de a feito:  
 De miña nai son cadea,  
 i ela en min é o tempo!  
 Señor,  
 ti que sabes canto hai,  
 Señor,  
 si onte i hoxe son de Vós  
 cal dos tempos é teu pan?



Igrexa de San Martiño de Noia

### Actividades

1. Neste poema faise referencia á igrexa de San Martiño, ao convento de San Francisco e á ponte da Traba de Noia. Que época volve evocar a poeta?
2. A que dous suxeitos se dirixe no poema?
3. As formas “pinar” e “tixeira” son castelanismos. Cal sería a forma correcta?
4. No poema están as palabras “chombra” e “mantilla”. Chombra é unha palabra que se introduciu no galego a través do francés, por iso se chama galicismo. As dúas palabras indican pezas de vestir, procura no dicionario todos os significados (acepcións) que atopes.
5. En grupos, recollede todas as palabras que designen pezas de vestir. Ide anotándoas no taboleiro da aula. Todas esas palabras forman o que se chama un campo semántico.

Lembra

Un campo semántico constitúeno as palabras que se relacionan polo seu significado. As palabras escritas no taboleiro da aula, todas pezas de roupa, conforman o campo semántico da roupa de vestir.

O MEU TEMPO

Onte era mañanciña, cristaleira, sol migado.  
 Onte era anduriña.  
 Onte serán cantigaba.  
 Onte a pradeira aboiaba no retorno da meniña.

O espiñeiro onte era rosa, era en alto espaiado.  
 Nebra baixa era luceiro.  
 Era o riacho océano.

Sono eran os regueiros:  
 calexas del presentían.  
 Eran as calexas donas do que o sono non sabía.

Era a roseira formento da masa que non coceu.  
 Era o cume reino farto.  
 Era todo.  
 Era nada.  
 Sin nacer hoxe morreu.


Tiñan os aires zoar nas cunchas da pandereta.  
 A muiñeira medraba na néboa da polvareda  
 que en punteiras espaiaba.  
 Soio huella quedou dela!

Comezaba o abrir do día  
 cando a noite o pechou.  
 Non se atopa pechadura, pechadura nin medida  
 prá chave que el deixou.  
 Quero saír a un camiño e non sei por onde andar.  
 O hoxe non sabe ir soio.  
 Onte lévao pola man.

Actividades

1. Estamos diante dun poema onde o tempo é o tema fundamental. Divide en dous grupos, por unha banda, o que representa “hoxe” e, pola outra, “onte”. A que conclusións chegas?
2. Que simboliza o camiño no poema?
3. Ao longo da lectura desta antoloxía debes reparar na creación de palabras que fai a poeta, “migado” é unha palabra que crea sobre “miga”. Que se quere expresar con ese adxectivo?
4. Fíxate nas relación entre “cantiga” e “cantigar”, a primeira é un substantivo e a segunda un verbo.
5. Escribe á beira dos substantivos seguintes o verbo co que teñan relación:
 

Alegre   Semente   Canto   Cociña  
 Condución   Xoguete   Bebida   Camiño
6. Podes engadirle á listaxe anterior adxectivos? Por exemplo, comida, comer, comible.



Lara Rodríguez Lorenzo. 1.º ESO. IES San Paio de Tui Ceras. Papel. 21x29,5 cm

### HISTORIA E GAITEIRO

Vertía o aire unha temprá que el era ben sabida.  
 Nela mozos bailaban, nela os vellos tempo tiñan  
 de contar vellas fachendas, e tamén daquel erguido  
 que o tempo foi afogado na forza da onda viva.

De vello sabía o aire o tratar daqueles tres,  
 tecendo sempre mansiño, sin dereito nin revés,  
 unha longa tela entraña, rede de quen todo é.

Era o día sono dun ano.  
 néboas revoloteaban sin saber pra onde coller.  
 Viuse logo o teito azul: o que a gaita viu nacer.

Tiñan man de peitos cheos as sombras das  
 [carballeiras

Dona era a gaita do longo daquela aldea.  
 A tarde dos seus amores! Meniños das rosquilleiras!  
 Os pinares eran voz;  
 seu picaños acendían ó tempo  
 era o tempo palabra, a que a gaita iba tecendo.

De entre fieitos naz a voz do noso gaiteiro vello.  
 Fai de escudo a súa estampa.  
 De retorno sempre o són.  
 Soio é peito a súa fala

O seu paso ben gardando entre pinos e prazuelas  
 Fogueteiros e campás, nunca o soupen describir.  
 Digo o dos meus avós cando falaban sin min.

Soio historia é o gaiteiro;  
 Mellor libro non lein.

Crareaba o camiño  
 entre a huella longa do carro,  
 pastor pintaba na pena  
 ruxía a bouza no gado.

### Actividades

1. O primeiro verso do poema fai referencia ao tempo en calma, temperado. Explica como anda o tempo hoxe.
2. De que persoas se fala neste poema? Que fan unhas e que fan outras?
3. Que quere dicir “vellas fachendas”? Busca unha palabra que teña o mesmo significado ou sexa un sinónimo de “fachenda”.
4. A palabra “tela” que aparece no poema é un castelanismo. A forma correcta en galego é “tea”. Da familia de tea, é tear. Podes explicar o que é un tear?
5. “Era día sono dun ano”: este verso fai referencia á importancia que tiña nun lugar a festa ou romaría, que era unha vez ao ano. É hoxe para ti tan importante a festa ou romaría da túa parroquia ou concello?
6. Podes explicar o que é unha “rosquilleira”? Pensa no difícil que debía ser este oficio por andar dun lado para outro. Procura información de como se fan as rosquillas.

7. A palabra “picaño” é unha das moitas formas que ten o galego para designar a folla dos piñeiros, outra é “arume”, que podes atopar no “Himno Galego” de Eduardo Pondal. Procura ti outras palabras para chamarlle á folla do piñeiro.
8. “Digo o dos meus avós, cando falaban sin min”. Está a poeta falando dun tempo que non viviu? Razona a resposta. Describe unha romaría ou festa da túa parroquia ou concello.
9. As palabras “avoa”, “nai” pertencen ao campo semántico do parentesco ou da familia. Engade outras palabras que pertencen a este mesmo campo.
10. Podes explicar o que quere dicir o poema nos dous últimos versos? A forma verbal “lein” é unha variante dialectal da fala do Courel.
11. Cantas gaiterías coñeces? Traede á aula de música información sobre gaiterías galegas e os seus discos.
12. Nunhas zonas de Galicia dise “fieito” e noutras “fento”, estas son formas dialectais. En Galicia triunfou a forma “bieito” e en Portugal “bento”. Os dous nomes veñen da palabra latina “Benedictus”, da que tamén deriva o nome Benedicta ou Benedicto, que sería unha forma culta. Que é un “fento” ou “fieito”?
13. Fíxate na ilustración que acompaña estes dous poemas. Que foi o que quixo expresar a ilustradora?
14. Como se di na túa zona, “gado” ou “gando”? Explica o que quere dicir esta palabra. A forma “huella” é un castellanismo. Cal é a forma correcta en galego?
15. En galego normativo adoptáronse como formas correctas “claro”, “clarear”, “planta”, “plantar”, “flor”, “florear”. As formas que leva -r- pertencen á lingua popular e tiveron moito uso na lingua literaria.

Inverno vello sin anos  
 o mundo dos furados déixate.  
 Probiños por iles estar tan lonxe do noso sentir  
 e non poder de ti falar.

### Actividades

1. “O mundo dos furados” é un achado poético de María Mariño que designa ese espazo que vive no interior da terra e que non podemos sentir.
2. Repara en como, ao utilizar o inverno, co que fala, logra transmitir esa desconexión co outro mundo.
3. A palabra “probiños” é un vulgarismo propio da fala popular e moi característica na literatura galega antes de que existise unha norma para a escrita.
4. A forma “iles” é un dialectalismo morfolóxico do bloque oriental, onde se atopa a fala do Courel.

### O ARBRE SECO

Adeus, arbre de anos feito!  
 -dinche as xeadas que che queimaron, o sol que  
 che quentou  
 i o vento que por ti pasou.

Donde... aquelas noites frías  
 Con mirada branca pola neve?

Agora,  
 outra,  
 como aquela de aqués díasa,  
 mirarás encendido pola dor  
 o noso rostro que chegadiño a ti,  
 vela no lar a túa última coor...

### Actividades

- O título do poema é, desde o punto de vista gramatical, incorrecto, xa que en galego a palabra “árbore” é feminina e este sería un castelanismo morfolóxico. O correcto sería “A árbore seca”.
- No poema atopamos outra das características dialectais de Noia, o cheísmo. Este fenómeno consiste en que nesta fala non se fai unha distinción entre os pronomes de segunda persoa che (que funciona como obxecto indirecto) e te (que funciona como obxecto directo).
- Como dirías a frase seguinte: “dinche as xeadas que che queimaron, o sol que che quentou”?
- Noutras zonas de Galicia, como, por exemplo, o Baixo Miño (Tomiño, A Guarda), dáse o fenómeno contrario: o teísmo. Investiga e descubre que ocorre neste caso no Courel.
- A forma “encender”, neste poema, é unha variante da fala, mais hoxe en día introduciuse na lingua como castelanismo. En galego o correcto é “acender” e o seu sinónimo é “prender”. Contesta como están as luces.
- Fai un resumo do poema.
- Achegámosche este poema de Federico García Lorca. Busca a relación co poema de María Mariño. Quen foi García Lorca?

### IN MEMORIAN

Dulce chopo,  
 Dulce chopo,  
 Te has puesto  
 De oro.  
 Ayer estabas verde,  
 Un verde loco  
 De pájaros  
 Gloriosos.  
 Hoy estás abatido  
 Bajo el cielo de agosto  
 Como yo bajo el cielo  
 De mi espíritu rojo.  
 La fragancia cautiva  
 De tu tronco  
 Vendrá a mi corazón  
 Piadoso.

¡Rudo abuelo del prado!  
 Nosotros  
 Nos hemos puesto  
 de oro.

- Coa axuda da túa profesora ou profesor, busca un poema de Antonio Machado que leva o título de “A un olmo seco” e que pertence ao seu libro *Campos de Castilla*. Este poema podes escoitalo na voz do cantautor catalán Joan Manuel Serrat. Quen foi Antonio Machado?

9. Escribe un texto sobre a túa árbore preferida, a que está nun parque, nun xardín, no camiño, etc.

1

Casiñas, casiñas vellas, en fume e fume brilades,  
Recendendo a vidas probes e á paz dos vosos  
[lares.

2

Camiños de cruceiros! Santiñas na súa furna!  
Rapaza para afiada, correndo co ollar de lúa!

### Actividades

1. Este poema representa moi ben unha paisaxe, podes debuxala?
2. Que tipos de cruceiros hai na túa zona? Nalgúns lugares forma parte do cruceiro a virxe que está metida dentro dunha capeliña, que no poema é “furna”.
3. Explica o significado de “lar” e “fiada”.
4. Que significado ten no poema a forma verbal “recendendo”?
5. Como é a rima do poema?

6. Agora propoñémosche que relaciones o poema de María Mariño co seguinte de Uxío Novoneyra, e que escribas un texto no que a rapaza que vai para a fiada no poema de María Mariño sexa a mesma da composición de Novoneyra. Velaí o poema:

Fiandeira namorada  
que fías detralo lume  
cos ollos postos nas chamas  
roxiñas brancas e azules.

Fiandeirña que fías  
nas noites do longo inverno  
as liñas máis delagadiñas  
que o fío do pensamento.

Caia neve branca fóra  
riba dos teitos calada  
mentras ti fías e soñas  
nunha cousiña lonxana..



Unha flor desde Beni Mellal para María Mariño.  
Fátima Zahra Cherti 1.º A ESO. IES San Paio de Tui  
Ceras. Papel. 24,5x32 cm

1

Froriña de alto talle  
 entre herba ben nacida,  
 hoxe toda peito eres  
 do alento daquel día.

2

Froriñas dos valados  
 e follas de entre silveiros,  
 teitos sodes calados  
 dos fogares latexeiros.

### Actividades

1. Neste poema atopamos outro castelanismo de tipo morfolóxico: "eres". A forma correcta galega é "es".
2. Coa axuda da túa profesora ou do teu profesor, conta as sílabas dos versos. Analiza a rima do poema.

Ó muíño, hoxe, da laxe  
 fáltalle auga e cantar ben.  
 Laxe trocada en area.  
 A ponte arcos non ten.  
 Cegoume hoxe a mirada  
 onde onte medrou o ter.  
 Pombiñas alí non voan  
 nin o sapo canta ben.  
 O cuco é o que sabe...  
 que o seu cantar vello é.

### Actividades

1. Que evoca este poema? Que lle pasa ao muíño?


2. Busca información sobre o cuco. Onde fai os seus niños?
3. Propoñémosche que investigues sobre o estado dos muíños na túa zona. Hai muíños onde vives? Consérvanse ben? Como se chamaban os que desapareceron? Hai algúns restaurados? Queda algún que funcione?

Cando a rosa arrecendía en min viña un ben contento.  
 Éme a rosa hoxe nostalxia. En min non vén nada dentro

Tiven todo o que eu quería, sin cartos del a comprar.  
 Cartos hoxe non volven o que se foi todo en mar.

### Actividades

1. Que significado ten a rosa neste poema?
2. Traballo de aula: procurade poemas onde apareza a palabra "rosa" ou as súas variantes.



*A ponte do tempo*

1.º A ESO. IES San Paio de Tui  
 Pastel. Papel 21x29,7 cm

O meu camiño hoxe  
 ten o mirar dun antonte.  
 arrecenden os sendeiros  
 nas agras zoan as fontes.  
 labrego afala ao seu gado.

Mide o tempo a súa ponte.  
 Aire quedo e tembrando.  
 Chove perto, chove lonxe.

2

A noite foi un cantar dun fiel ben en voz-deserto.  
 Canto choio dil me veo polo eixe do seu verso!

### Actividades

1. Que queren expresar os dous primeiros versos desta composición poética?
2. O verbo “afalar” é tratar con palabras co gado para que ande, darlle estímulos. Tamén se di “arrear” e, se se lle dá cunha aguillada, dise “aguilloar”.
3. No poema, a ponte simboliza o paso do tempo. Pensa nas augas que desde moitos anos lle pasan por debaixo. A ponte está personificada.
4. Hai pontes na túa zona? De que época son? Teñen nome? De onde lle vén o nome?
5. Comenta este poema de Uxío Novoneyra que é unicamente un verso: **CHOVE** que eu soñe...

### NOITE CAURELÁ

1

Ládranlle á noite os cas i ela de ben cega o ucedo.  
 Tiñe os aires a noite. Nela síntese medo.  
 A noite téndese ó sono que a aurora espera cedo.

### Actividades

1. Cal cres que é o verdadeiro tema do poema?
2. A que pode obedecer a división tipográfica en dúas partes diferenciadas?
3. Como é a rima do poema?
4. Como aparece personificada a noite?
5. Repara no castelanismos “tiñe”, nos dialectalismos morfolóxicos “cas” e “dil” propios da fala do Courel.
6. Unha das características da lingua da poeta é a creación de palabras novas ao unir dúas cun guión. Que quere dicir en voz-deserto?

### NOIA

1

Campanas que tocares  
 todas do mesmo xeito,  
 unhas chegádesme á alma  
 e outras ó pensamento.

Pobos onde eu vivín!  
 Algúns eran máis feitos  
 e queríanme enganar,  
 mais eu nunca sentín

neles o meu fogar.  
 O meu fogar téño en ti:  
 no teu vivir e nas tres pontes  
 e das campanas os toques,  
 toques que eran pra min.

Fóra de ti cando as oio,  
 e sendo o mesmo tocar,  
 recólloas no pensamento,  
 xa non pasan máis alá.

2

Ribeiras de mar enxoito!  
 Ribeiras de pleamar!  
 Quedas, vellas ribeiras,  
 agardan un mar i outro mar.

3

Os seráns nas Rías Baixas  
 ollan con luz de aurora,  
 ca súa mirada queda,  
 silencio daquela hora

### Actividades

1. Le o poema “Campanas de Bastabales” de Rosalía de Castro. Cres que puido influír nesta composición? Razona a resposta.
2. “Campana” é un castelanismo. Que formas propiamente galegas designan este obxecto? Que simboliza realmente no poema?
3. Este é un dos poemas onde María Mariño tamén é poeta do mar e é a poeta de Noia. Que significado ten desde o poema este espazo?
4. Analiza a métrica do poema: conta as sílabas dos versos e repara na rima.
5. Cal á a estrutura do texto?

1

Son a chuvia, son a neve, son o vento da xeadá.  
 Son alba daquel vivir,  
 hoxe noite daquel sentir

Miro, miro e non vexo.  
 Sinto, sinto e non teño.  
 Oio lonxe e non entendo.

Hoxe,  
 onte do meu contento!

2

Natureza soia, trai de ti unha compañía,  
 trai algo que sea novo da voz vella que me fala!

### Actividades

1. Repara na identificación da poeta coa natureza.
2. Fíxate no estrañamento literario que consegue co emprego de termos semánticos antagónicos, como, por exemplo, “Miro, miro e non vexo”, “Sinto, sinto e non teño”.
3. Quen pode ser a “voz vella”?
4. Que é “hoxe” no poema? Por que?
5. Localiza os castelanismos no poema.

1

O mundo dos furados canta un cantar que eu aprendín  
 Eles saben o que cantan i eu non sei a quen llo oín.

2

Os paxariños hoxe cantan ben con outro són  
 O día nace máis craro. Será deles o hoxe ou non?

Oio algo alá mui lonxe e nada del sei decir,  
 e sin esperar espero para o ver si o vexo vir  
 Penso si polo arrodeo ou si non sabe o camín.  
 e sin esperar espero para ver o lonxe en min.



*O mundo dos furados.* Carla Novás García  
 1.º ESO. IES San Paio de Tui  
 Ceras. Papel. 29,7x21 cm

### Actividades

1. Pódese falar da presenza de aliteracións neste poema?
2. Pode ser a forma “mui” unha solución dialectal da fala de Noia?
3. A forma “camín” é propia do Courel?
4. As formas “sin” e “dicir” son castelanismos?

### Actividades

1. Atopamos de novo o mundo dos furados que contrasta co mundo dos paxariños. Que cres que desexa expresar o poema?
2. Fíxate na ilustración de Carla. Ela imaxinou o mundo dos furados e a María Mariño no seu centro, e, coma nun labirinto, ía saíndo a súa vida ao exterior. Debuxa ti o mundo dos furados. Podes explicalo con palabras?

Tiven medo de vogar,  
 tiven medo da auga crara.  
 Anque fora cuns bos remos  
 anque fora na mar calma,  
 non vogaba!, non vogaba!

O medo xa non sei del.  
 Xa secou aquel mar longo.  
 E sin saber donde veu,  
 si é doutro ou é meu,  
 navego nun mar de fondo.

### Actividades

1. Fíxate no emprego do paralelismo nos catro primeiros versos do poema. Fíxate como se repite a mesma estrutura: “Tiven medo + de” e “Anque fora + preposición + (adxectivo ou substantivo) + (adxectivo ou substantivo)”. O emprego deste tipo de recursos recorrentes, moi utilizados na literatura popular, contribúen a dotar o poema de musicalidade.
2. Busca o significado da palabra paráfrase. Fai unha paráfrase do poema.
3. Busca esta páxina: <http://www.ghastapista.com/uxia.php>. Atoparás información sobre o disco de Uxía *Danza das areas* (2000), no que canta este poema de María Mariño ao que facía referencia no capítulo anterior Aloia Insua.
4. Podes entrar tamén na páxina <http://www.culturagalega.org/album/>; unha vez alí, procura o artigo sobre María Mariño e na información podes atopar e escoitar este tema interpretado por Uxía.

### De Verba que comenza

1

Aquí che deixo, meu peito canso, aquí  
 che deixo,  
 aquí che deixo neste branco papel trillado, neste  
 percuero das horas.  
 ¿Quen eres -preguntaranche-, quen eres?  
 Son a néboa que anda soia, son o sol  
 que quenta as queixas, dos camiños  
 son o farto,  
 son o sono que rixe  
 mundo que verte tempo,

son o berro caladiño entre arranque-brío de sono  
 morto.

Das cousas que non se atopan  
 tamén son,  
 das ondas que soio van, van e van,  
 delas son,  
 de cando veñen e vein vindo  
 delas son. Son o ledo daquel sono -terra de sin  
 pisadas,  
 soio remaxe das cousas-.  
 Papel branco,  
 trillado,  
 papel,  
 berra,  
 berra entre os fortes  
 desde onde as miñas verbas che magoan.

### Actividades

1. Este é o poema sobre o que Brais Basalo Martínez compuxo o seu e o que debes empregar para facer os exercicios que che propuxemos sobre os dous textos.
2. Repara na ruptura da sintaxe, nos encabalgamentos.
3. Que relación existe entre o papel e o eu lírico?
4. Comenta o derradeiro verso.
5. Realiza unha paráfrase do poema.
6. En cantas partes dividirías o poema? Razona a resposta.

7. Pódese falar neste poema dunha identificación da escrita coa vida? É a escrita a permanencia no tempo?
8. Procura no poema a creación de palabras novas co artificio de unir dúas cun guión.
9. Repara no estrañamento literario que produce a alteración das normalidade gramatical en “Son o ledo daquel sono terra de sin pisadas”.

4

Encéndeseme o peito, brúa en alma soia  
 -verba que comenza-.  
 Ti que sabes de onde viñen,  
 ti que sabes ben quen son,  
 ti que ves por onde ando.  
 Ouh, raxa o tempo ca túa hora, raxa as cousas,  
 ti xa morta, viva ou non sei, ti...  
 Pro, quen eres ti?  
 Si non peneiras o farelo, si non dás  
 formento á masa,  
 si non coce xa o teu forno,  
 que pan sacará o teu grau ben mundo?  
 Ti, hoxe miña, soio hoxe, mañán xa  
 non,  
 mañán serás nebra nubra como outra.  
 Hoxe dime,  
 dime das cousas, dime si o meu de ti alento  
 é alento ou bruma,  
 dime si respiro ou a fogo,  
 dime daquela hora miña -día noso-.

Ouh Natureza pequeniña e longa, hoxe  
 téñote na man, cinguidiña ós meus dedos de  
 terra,  
 puño xusto da miña forza,  
 soio latido.

### Actividades

1. Repara na relación da poeta coa palabra (Verba que comenza). Quen fala no poema?
2. Fíxate no léxico relacionado co pan.
3. Que simboliza o pan no poema?
4. Pódese dicir que estamos asistindo ao nacemento da palabra?

15

Quen manda na hora de hoxe?  
 Quen manda?  
 Quen manda que non entende?  
 Vou buscando,  
 busco mañá e no atopo, busco día  
 e non vexo.  
 Todo cala afeito.  
 Non atopo a pousa tarde nin sei do seu  
 barullo.  
 Quen me fala non o entendo.  
 Señor,  
 dime quen me levou?  
 Quen me levou que me volva,  
 que me volva enteira de  
 Ti.

Herbiñas de prados frescos,  
 terras,  
 mares, mareas e cumes,  
 riachos de entre canellos, buscade de vós  
 o meu, meu soio.

Xa vexo!

Vou vendo.  
 Vexo día ca súa salve.

Atopei mañá –miña hora-.  
 Vai medindo o tempo as prantas.  
 Xa me din en verba aberta!  
 Xa me escoitan!  
 Xa en rendixa da noite se atuí!

Xa son!

20

Era a migalla dun home o que facía andar o mar.  
 Dáballe ás augas voo,  
 voo que brincaba en ondas.

As pernas de argazo rubían as penas  
 recén paridas de cunchas  
 de vermello e  
 toxo limpo.

As mans –peixe aparexado- facían parir as augas.  
 A cabeza oca sabía do seu.  
 Os ollos –farola do primeiro barco que aprendeu a  
 [andar-,  
 eran quedos, non espentenexaban  
 quedos e alumeados.

A boca non tiña dentes, escondrixo soio de lingua  
 que non falaba nin estaba queda.

Os brazos, peladiños de óso, movíanse como caracol sin  
 casa.

O peito soio era luz  
 luz que en raio decía:

“Deus das augas embarrancou aquí!”

Fuxín deixando todo naquel brillante.  
 Un ai! Levou conta del.

De lonxe viu rubir o mar, rubía, rubía hasta bicar o ceo  
 Á súa chegada os peixiños todos flotaban a flor de  
 auga  
 e quedos agardaban o que eu  
 non sei.

### Actividades

1. Fíxate nas diferentes partes do día ás que se vai facendo referencia.
2. Repara na diferenza anímica da primeira parte do poema e da segunda, que comeza a partir do verso “Xa vexo!”.
3. Fíxate na relación do suxeito lírico coa natureza.
4. Comenta o verso “Van medindo o tempo as prantas”.
5. Este é un dos poemas nos que a poeta fala co “Señor”. Que é o que lle está dicindo?
6. A forma “canellos” é unha variante de “canle”, ‘que conducen as augas’.



*Aires do Mar* de Xulio García Rivas  
 Óleo. Lenzo. 46x165 cm

Actividades

1. Localiza todo o léxico marítimo.
2. De quen se está falando no poema? Fíxate no primeiro verso.
3. En que se detén para describir o home?
4. En cantas partes se pode dividir o poema?
5. Que agardaban os peixiños?
6. Fai un resumo do poema.



Illa Marola

Actividades

1. Localiza a Marola.
2. Que significará o dito popular “Quen pasou a marola, pasou a mar toda”?
3. Procura unha cantiga popular na que se fai referencia á marola.
4. Quen fala no poema?
5. Neste poema volve aparecer o peito. Se o relacionas con outros poemas que xa liches, podes indicar que pode simbolizar o peito?
6. Pódese falar neste poema dun mar interior que a poeta desexa identificar coa idea da dificultade da navegación nesa zona?
7. Pasou a poeta a marola? Fíxate no verso final.

21

Crucei o mar da Marola e faloume no seu son,  
 faloume aberto en voz sonora  
 e ritmo forte.

As gueivotas non paraban, revoloteaban mariñeiras.  
 Picaban as augas dos sal  
 vermello e argazo en rolo.

Estaba soia, soia comigo e ca proa  
 dun barco pesqueiro que nela zoaba  
 mentres decía en comestas verbas:

“Fun, son e serei castigo dunha onda  
 arrolada na pena que chamou Marola”.  
 Ninguén lle oíeu, mais un vento furón soupo de si  
 i enredándose en min quebrou seu nome.

Ecurécese o mar, a Marola sinte frío,  
 envólvense as ondas na nebra,  
 erguese peito fala:  
 Cando se soia me erguín crucei o mar  
 da Marola. Eran as ondas enteiras, duras e longas,  
 era a súa espuma loita. Non tiña medo do vento.  
 Mar sin marea que trocara súa ronda.

28

Está caendo a follá i en min nace primaveira,  
 Quen entenderá este mar vello?  
 Como digo onte sendo hoxe?  
 Como farto a miña verba do nacer que xa pasou!  
 Como reino nas migallas onde medrei un bon día!  
 Como piso forte sendo branda?  
 Como digo si si o non está escoltando?  
 Quen entenderá este mar vello?  
 Medro, medro e non sei onde parar.

Presá xa e ceguiña no cume  
 lévame,  
 lévame ó chan a verba.

Queda hoxe o chan soio  
 muxindo a pegada do tempo.  
 Mesturadas terras peneiran, peneiran faciña,  
 faciña que non fai masa.  
 Rebélanse as ondas ós mares,  
 os ríos afogan a pradeira seca,  
 os camiños non se atopan.  
 Quen entenderá este mar vello?  
 É outono i en min nace primaveira.  
 Quen o entenderá?

### Actividades

1. Fíxate na contradición entre o mundo exterior, outono, simbolizado nun primeiro momento pola caída da follá, e o mundo interior da poeta, onde “nace a primavera”. Pódese pensar nun melloramento físico ante a enfermidade? Pódese pensar nunha aceptación da enfermidade? Pode ser a primavera a morte liberadora da dor?
2. Volvemos atopar a contraposición entre “o chan” e “o cume”. Que espazos representan?
3. Que simboliza o “mar vello”?

4. Volve xurdir o verbo “medrar”, que leva implícitas moitas significacións. Que evoca neste poema?
5. Como describe a transformación do espazo no outono na derradeira estrofa? Analiza os recursos recorrentes ao longo do poema. Que idea axudan a intensificar?

29

Mocedá diviño tesouro!  
 Non polos anos poucos, non.  
 Eu conocín anos poucos sin ese mensaxe vello,  
 conocín xuventudes envellecidas de loita,  
 envellecidas de inqedanzas e nostalxia.

Ouh morniño da nai, cas súas paredes, subir do irmán,  
 [silencio do  
 pai!  
 Como zoa o vento, como zoa chamándome probe!  
 Como rinchan as vigas chamándome probe!  
 Como bailan os cristales nas ventanas inseguras chamándome  
 [me probe!

Como minten!  
 Como van mentindo!  
 Como dormen na riqueza eterna segura dos meus cálculos  
 [adolescentes!

Por que esquecerei pazos e torres entre a cinsa da lareira?  
 Por que me arredarei dos mozos pola quenturiña da nai?  
 Pra que sirve unha casa nova si lle faltan as paredes?  
 Xuventú, diviño tesouro. Si, si inda che arrola a quentura da  
 [vella cantiga primeira.

Si non... Ouh xuventú  
 como te aporveitas da forza miña feita loita!  
 Xuventú, sustanza carcomida! Ouh!

### Actividades

1. O primeiro verso recolle o tamén primeiro verso da “Canción de otoño en primavera” do poeta nicaraguano Ruben Darío. Que significados pode transmitir este verso? Fíxate como a poeta contesta nos versos seguintes.
2. Pode existir unha identificación entre “nai” e “casa segura”?
3. Repara na oposición entre o “subiar do irmán” e o “silencio do pai”.
4. Como transmite a poeta as súas orixes? Fíxate nos recursos reiterativos.
5. Mostra a voz lírica arrepentimento ou nostalgia pola mocidade?
6. Comenta o verso final “Xuventú, sustanza carcomida”.
7. Comenta o dito popular “Xente nova e leña verde, todo é fume”.

30

Quen me dera, amigos, que miña nai me dera hoxe  
 [unha tunda.

Hoxe por neve trocada,  
 hoxe no humor derradeira,  
 que non oio meu latido,  
 que a escuridá me zoa,  
 quero pedir e non podo,  
 non falo,  
 chegan a min e non sei.

Ouh, quen me dera que miña nai me dera hoxe  
 [unha tunda!

Logo a súa man sanguentada a pousara  
 no meu peito  
 e cinguidiño a el miña alma,  
 miña alma hoxe fría.

Tirada entre mesturada terra estou,  
 quero, quero e non podo erguerme,  
 aplástame a chuvia,  
 lévame o vento,  
 quéimanme,  
 carbón de min queren facer,  
 como a chama non fai brasa.

Quen me dera que miña nai me dera hoxe unha  
 [tunda!

Ouh!

### Actividades

1. Como expresa no poema a saudade pola ausencia da nai? Por que evoca a nai neste momento?
2. Como logra transmitirnos o seu estado físico na primeira estrofa? Repara na perda da fala.
3. Na terceira estrofa vemos como o suxeito lírico está dominado pola natureza, “tirada”. Que quere indicar no verso “como a chama non fai brasa”?
4. Como podes ver, a nai está presente en varios poemas da autora que xa fuches lendo. Elabora unha redacción sobre a presenza da nai na obra poética de María Mariño.

5. Sabes o que é unha tunda? Como pode desexar unha tunda a poeta?
6. Hai moitos anos permitíanse os castigos físicos nas escolas, non era raro que o mestre ou a mestra levasen unha vara. Pregúntalle aos teus avós e avoas se presenciaron algún castigo físico na escola.
7. Hoxe en día hai unha lei que protexe os dereitos da infancia e está prohibido o castigo físico.

32

Había que chegar, había que chegar pra ser.  
 Había que deixar o que nacera,  
 o que iba medrando.  
 Había que deixalo.  
 Había que deixar a cume,  
 cume de quenturas,  
 cume que vive baixo a ponte das loitas,  
 baixo remos que viven no olvido do ben,  
 baixo a cruz que nos desina o tempo,  
 baixo a terra que a presada nos vai decindo,  
 nos di:

“Había que chegar”.

De cando en cando miña cume fala soia,  
 volve ó seu e logra del,  
 logra resposta do vecín-peito enfermo,  
 peito que se espaia recio pra aquel outro que non  
 ten cura,  
 peito feito dela que chega a nós,  
 peito que volve a cume ó seu,  
 súa infancia tecedeira,  
 súa primeira mirada que veu luz,  
 seu mañán en onte xa feito,  
 seu día craro:  
 toda verdade das cousas.  
 Anos poucos. Ouh!

### Actividades

1. Este é un dos poemas da poeta onde a presenza da enfermidade se manifesta claramente na expresión “vecín-peito enfermo”. Repara no verso “Peito que se espaia recio pra aquel que non ten cura”.
2. Volve a poeta evocar a infancia “tecedeira”, unha época que tiña futuro por diante, tempo para tecer “Seu mañán en onte xa feito”.
3. No poema están presentes moitos símbolos que xa nos son familiares e que a poeta vai recollendo, como o cume, a ponte, os remos, a cruz. Simbolizan o paso do tempo, a loita e a aceptación dun destino ao que “había que chegar”.
4. Repara nos recursos repetitivos, anafóricos e paralelísticos, que contribúen a manifestar a obsesión que vive no interior do peito da poeta.

33

Cantos alentos pra unha fosa-Deus!  
 Cantas pontes para un arco!  
 Canto!  
 Canta auga, canta terra,  
 canto don!  
 Si entre eles eu nacín,  
 si entre eles me hei marchar,  
 si deles non hei saber,  
 ouh  
 quítalle as sombras ó sol ti, latido amigo,  
 quítaille ríos, regueiros e fontes á auga,  
 quítaille á terra,  
 quítaille o don que entre nós morre sin saber del,  
 quítaille seu noso abono,  
 afogade cos mares o tempo aquel que foi  
 noso.

Que o vento diga, que o vento diga do seu.  
 Non foi esto o que ela dixo.  
 Prendeume a terra nas súas galas dun día pouco,  
 cando eu iba nacendo  
 prendeume.

Sin saber pra onde ir nin a donde agarrarme,  
 de todo núa, cando dela de a feito non sabía  
 agarreime ó vestido da fe.  
 Hoxe co vestido vello xa,  
 voume,  
 voume indo.  
 Do camiño non me di.  
 As galas daquel bon día de terra volven de novo a  
 [min  
 certas, verdadeiras:  
 e diante con elas camiño a paso limpo.

Con este poema remata *Verba que comenza*.  
 Remata a viaxe de María Mariño.

### María Mariño lembrada noutros poemas


A poeta María Mariño é lembrada noutros poemas por outros autores e autoras, mostra de que a súa poética continuou dialogando despois da súa morte. Ofrecémosche un poema do seu amigo Uxío Novoneyra, outro poema do poeta Avilés de Taramancos, tamén de Noia e que foi unha das persoas que comezou a reivindicar a poeta. Finalmente outros dous poemas, un de Paulino Vázquez, que evoca unha visita á tumba da poeta, e outro de Yolanda Castaño, que dialoga a través da intertextualidade con poemas da autora.

Como primeira suxestión agardamos que procure información sobre estes poetas e esta poeta.

### De Uxío Novoneyra

Elexía Previa a María Mariño

QUEDOU sin nome o cor escuro  
 a chamada xorda o muricego i a silveira,  
 os bichiños pequenos i a sua escura vida.  
 A fala galega xa non se moverá en cen anos:  
 as palabras seguirán ehí.  
 A tua cara de elegía volta cara a vida.  
 Ven a noite mesta de tanta perda e guíndase  
 contra min.  
 Estounte vendo ainda  
 i escriboche esta elegía. Onde  
 podería eu levar a forza contra'ó meu  
 o golpe-inorde que ven que chega,  
 deixando o teu corpo como unha voce.  
 Pechara'os ollos cun vento do revés zoando  
 tódalas follas de costas na direución do luito.  
 Sombra mesta, grande mesta,  
 Péchate co mundo i esconde todo para non ver.  
 Pra que esto non medre así.  
 E verche sorrir dentro dun intre.  
 Non sabes que logo te irás sin despedir.  
 Baixa esa mao para pecharme o corazón.



Uxío Novoneyra  
 Fotografía da Biblioteca Virtual Galega

### Actividades

1. Busca o significado da palabra “elegía”.

2. Podes buscar información sobre este poema no artigo da autoría de Carmen Blanco editado polo Consello da Cultura Galega (2006) en <http://www.culturagalega.org/album/>
3. No poema de Uxío Novoneyra (1979) "Vietnam canto" (*Poemas caligráficos*), convócase a poeta nun verso: "MARÍA MARIÑO, dinamiteira da fala".

E a ferida atobase, abre o seu esplendor  
 na cerne do cántico.  
 O bater das ondas  
 aínda abanea o teu berce, María.

### III

Así como reloce a rosa venturera  
 no alto muro do universo,  
 a tua voz  
 fluía na devesa sagrada  
 -unha pomba escura-  
 O vento.

No libro homenaxe, *Verba que comenza*, Concello de Noia, 1990

## De Avilés de Taramancos



Avilés de Taramancos  
 Fotografía da Biblioteca  
 Virtual Galega

O veleiro María Mariño naufraga nos montes do Courel

### I

O vento da ría ouvea  
 na boca do lobo. Tan lixeiro!  
 Nas carballeiras de Parada  
 rompe a marea chea.  
 Era o teu labre tan salobre, María  
 era a túa man tan espuma brunida.  
 Aínda queda un velamio nos teus olos.  
 Esa brancura única  
 que tremola no trascordo da infancia.  
 Xa daquela querías a estrela do Courel  
 a máis outa!  
 Canta bocarriberira no curuto das aguías!

### II

Ergues unha torre no tempo. Teces a brétema  
 Cantas desde o fondo fiandeira.  
 -Alguén rema na outra banda da memoria-

## De Paulino Vázquez



Paulino Vázquez  
 Fotografía da Biblioteca  
 Virtual Galega

(Na tumba de María Mariño)

Visitamos a túa tumba no centro do inverno  
 a friaxe estremecía o corazón do teixo:  
 senras, as senras negras, e tras as senras, searas  
 as herdades abandonadas como ermas gándaras  
 da morte; cavorcos, doiras en mármore  
 as terras lentas queimadas por un lume vello  
 as agras, os outeiros nativos coroados de néboa  
 os profundos vales onde aínda se escoita a voz das aguías.  
 -bóvedas nos cómaros en silencio de morte  
 pequenas aldeas nas que alenta o fume milenario  
 nas pizarras azuis, lexas de lousa negra  
 adéntrannos no fondal do tempo; os adros da tristura  
 fechando como unha fouce a poalla aterecida  
 nos últimos alamos do lusco-fusco. Descemos  
 ás rexións da alma, ao corazón das tebras  
 (pousando o ocre do outono o seu líquen nos muros)  
 para escoitar o renxer das cancelas  
 e o rumor inmemorial da chuvia  
 sobre a marga e a arxila que te cubre  
 latexando nas lápidas, esculpindo no tempo  
 a voz arcaica das raíces no teu sepulcro.

*O tempo que respira, 2007*

## De Yolanda Castaño



Perfilando a verba túa nesta verde hora nosa  
-nin ninfa nin altazor-  
léome toda por dentro ollos a tentas.

Eu non sei.  
Abrín a gorxa prohibida ou pedía demasiado.  
Non sei se é que me chega ou son eu que vou por ela..  
É tan difícil.  
¿Por qué debo dividirme se nacín multiplicada?

A sóas non abrasa.  
Recodo de carqueixa pero a sóas non abrasa.  
Anúnciase o remol, e todo daría deste mundo por ese resto de esperanza.

Eu non sei.  
Non sei se son eu que vou tras dela.  
Non o sei.  
Tal vez pedía de máis ou rompimos as palabras.  
Calquera cousa, todo daría deste mundo si o que teño ha de chegar que non me abraze.

É delicado.

Por iso, ¿quén manda nesta verde hora de hoxe?  
¿quén manda, quén, quén, que non a atende?  
quen vai e di anque cala e non cingue xeito novo  
-nin ninfa nin altazor-  
recodo de carqueixa en que borrarte.

Eu fun a suma total daquel que foi medindo  
a pegada que calo pero que en por min nomeo.  
Abrín a gorxa prohibida ou desmerezo este sangue.  
¿Por qué debo dividirme se nacín multiplicada?  
Son o que se lle antoxa cando me leo por dentro.  
Son o mesmo humor da nada perfilando a verde hora.  
En min non vén nada dentro por moito que a berros clame.  
E sinto cómo me acaban, sinto cómo me dan forza.

Eu non sei.  
Anúnciase o remol e en min non vén nada dentro.  
¿Ouh para qué me trouxeches si é que me levas agora?  
Abrín a gorxa prohibida ou pedía demasiado.  
Mais sinto cómo me acaban, sinto cómo me dan forza.



BIOGRAFÍA  
CRONOLÓXICA

Letras Galegas  
*María Marino Carou*  
2007



María Mariño	Contexto histórico e das mulleres	Referencias literarias	
<p>1907. Nace María Mariño Carou o 8 de xuño en Noia.</p>	<p>Estrea do “Himno Galego” no Teatro Tacón da Habana. Movemento agrarista (Solidaridad Gallega). Homenaxe a Concepción Arenal na Coruña. Emilia Pardo Bazán estaba presente. A futura Mary Isaura instálase en Compostela co firme propósito de ser cantante de ópera.</p>	<p>1906. Fúndase a RAG e ingresarán como académicas correspondentes, entre outras, Filomena Dato, Sofía Casanova, e Clara Coral Aller.</p>	1907
<p>Casan no Pazo das Torres de Goiáns Consuelo Carou, tía de María Mariño, e Vicente Martínez Martínez. Testemuñas lembran a María Mariño como unha moza reservada, misteriosa, que gozaba coa natureza e tiña unha gran vontade de superación.</p>	<p>Manifestación en Noia contra a subida dos impostos. A represión por parte da Garda Civil ocasiona a morte dunha moza de dezaseis anos e dun mariñeiro.</p> <p>En España a muller consegue o dereito de matrícula na universidade sen a obriga do permiso do pai.</p>		1910
<p>Epidemia de gripe española.</p>	<p>Primeiro ano do triunfo da Revolución Rusa.</p>	<p>1919. <i>Flores do noso paxareco</i>, de Francisca Herrera Garrido (poesía).</p>	1918
<p>A familia Mariño Carou trasládase a Escarabote (Boiro). A tía de María herda o Pazo de Goiáns.</p> <p>Na biblioteca do pazo María Mariño accede ás primeiras lecturas.</p>	<p>Desaparece o diario <i>Galicia</i>.</p> <p>Morre Filomena Dato Muruais na Coruña, nesta cidade dedicácaselle unha homenaxe na que participa María Barbeito.</p>		1926
<p>Os primeiros días do Golpe de Estado, María Mariño emigra á casa da súa irmá, Concha, en Berango, Euskadi. Retoma o oficio de costureira.</p> <p>Memoria das experiencias da Guerra é a obra <i>Los años pobres. Memorias de guerra y posguerra</i> (iné dita cando entra no prelo esta cronoloxía).</p>	<p>1936. Apróbase o Estatuto de autonomía de Galicia.</p> <p>María Miramontes, Genoveva Casal e Placeres Castellanos, entre outras, traballan a prol do Estatuto de autonomía.</p> <p>Federica Montseny é a primeira muller ministra dun goberno en España.</p>	<p>Primeira Asociación de Escritores de Galicia.</p> <p>A literatura galega é a defensa de Galicia sobreviven no exilio.</p>	1936

	María Mariño	Contexto histórico e das mulleres	Referencias literarias
1936		<p>Guerra Civil (1936-1939)</p> <p>Suprímense os dereitos acadados durante a II República.</p> <p>1937. Cerco de Bilbo. Prodúcense combates moi violentos ao pé de Berango.</p> <p>A Lexión Cóndor de Hitler destrúe Guernika.</p> <p>Mulleres destacadas son asasinadas e encadeadas. Moitas exílianse no estranxeiro.</p>	
1938	1938. Regresa a Escarabote. Abre un parvulario e coñece a Roberto Pose Carballido, mestre da escola.		
1939	1939. Casa na igrexa de Santiago de Lampón (Boiro) con Roberto. Falsifica a súa verdadeira idade.	<p>II Guerra Mundial (1939-1945)</p> <p>Febre do volframio, mineral necesario para o armamento dos nazis.</p> <p>Julia Minguiñón comeza a pintar <i>Escola de Doloritas</i>.</p>	
1943	1943. O matrimonio marcha a Arzúa polo destino de Roberto. María axúdalle coas clases.	<p>Fundación de FENOSA.</p> <p>É executada a estudante Sophie Scholl, activista antinazi do movemento A Rosa Branca.</p>	<i>Queixas</i> , de Áurea Lorenzo Abeijón (poesía publicada en Bos Aires).
1945	1945. Novo destino de Roberto (Elantxobe).	<p>Gabriela Mistral, Nobel de Literatura.</p> <p>Liberación do campo de concentración nazi de Ravensbrück, onde se atopaba Mercedes Núñez.</p>	A RAG elixe membro numerario a Francisca Herrera Garrido, primeira muller que acada esa distinción. Morreu sen ter formalizada a súa entrada.
1946	1946. Regreso de Euskadi, pasa o verán nas minas de San Fins de Lousame coa súa nai e co seu irmán Emilio. Parto do seu fillo Roberto, que morre ao mes e medio de nacer.	Emily Greene Balch, Nobel da Paz.	Primeiras emisións en galego da BBC.

María Mariño	Contexto histórico e das mulleres	Referencias literarias	
<p>Destino de Roberto en Romeor do Courel.</p> <p>Morre Filomena Carou Lado, nai da poeta, en Romeor do Courel. É soterrada en Esperante.</p>			1947
<p>En Parada do Courel coñece a Uxío Novoneyra.</p> <p>1957. Empeza o seu traballo literario, ten cincuenta anos.</p>	<p>O ano antes tivera lugar o I Congreso da Emigración Galega en Bos Aires (1956).</p>	<p>1956. Publícanse <i>Cantigas do vento</i>, de María do Carme Kruckemberg (poesía), e <i>Do sulco</i>, de Xohana Torres (poesía).</p>	1956-7
<p>Otero Pedrayo escribe o "Limiar" para <i>Palabra no tempo</i>.</p>			1960
<p>Publicación de <i>Palabra no tempo</i> (Ed. Celta).</p> <p>A súa obra foi incluída na Xeración do 36.</p>	<p>Fundación do PSG.</p> <p>María Goepfert-Mayer, Nobel de Física.</p> <p>Betty Fridman publica <i>The feminine mystique</i>.</p>	<p>Celebración do primeiro Día das Letras Galegas, dedicado a Rosalía.</p>	1963
<p>1967. Morre María Mariño o 19 de maio na casa-escola de Parada do Courel.</p>		<p>Fundación das asociacións culturais Auriense e Amigos da Cultura.</p>	1967
<p>1982. A Asociación de Escritores en Lingua Galega dedícalle a Semana das Letras Galegas a María Mariño.</p>	<p>O PSOE gaña as eleccións xerais españolas con maioría absoluta.</p> <p>Maruxa Mallo, Medalla de Ouro do Ministerio de Cultura.</p> <p>Sae a revista <i>A Saia</i>.</p> <p>Alva Myrdal, Nobel da Paz.</p> <p>A partir de 1982, conmemoracións mundiais en contra da violencia contra as mulleres.</p>		1982
<p>1983. Homenaxe a María Mariño: "María Mariño Carou", en <i>Carabela de Xiada</i>.</p> <p>A Asociación Cultural Catavento organiza unha homenaxe e coloca unha placa na casa natal de María Mariño.</p>	<p>Apróbase a Lei de normalización lingüística.</p> <p>Créase o Instituto da Muller, adscrito ao Ministerio de Cultura.</p> <p>Barbara McClintock, Nobel de Medicina.</p>	<p><i>Mamá-Fe</i>, de Margarita Ledo (narrativa).</p> <p>Sae a revista dedicada á poesía, escrita por mulleres, <i>Festa da Palabra Silenciada</i>.</p>	1983

	María Mariño	Contexto histórico e das mulleres	Referencias literarias
1984	Acto de desagravio á figura de María Mariño, Asociación Cultural Catavento, Noia.	RTVG inicia a súa programación.  Referendo da OTAN en España.	<i>Sétima soidade</i> , de Pilar Pallarés (poesía).  <i>Amantía</i> , de María Xosé Queizán (narrativa).
1990	O Concello de Noia publica o libro homenaxe, <i>Verba que comenza</i> . Nel atópase o poema de Avilés de Taramancos “O Veleiro María Mariño naufraga nos montes do Caurel”.  Públícanse os relatos-canto “5 poemas inéditos de María Mariño” en <i>A Trabe de Ouro</i> , 2.	Guerra do Golfo.  Manifestación agraria en Santiago de Compostela.  Disolución da URSS.  Fúndase Edicións Positivas.	O Concello de Noia publica o libro homenaxe, <i>Verba que comenza</i> .
1994	1994. Edicións Xerais edita a obra completa de María Mariño preparada e introducida por Victoria Sanjurjo.	Créase o CRPIH.  Fúndase a CIG.  Manifestacións contra a cota do leite.	<i>Pé mais eu</i> , de Gloria Sánchez (literatura infantil).  <i>303 adiviñas</i> , de Gloria Sánchez (literatura infantil).
2004	Xerardo Agrafoxo publica “María Mariño: unha noiesa esquecida”, froito da IV Semana da Historia de Noia. Homenaxe a Avilés de Taramancos en <i>Casa da Gramática</i> , a revista que nace no Instituto Virxe do Mar de Noia.  María Mariño. 97 Aniversario do seu Nacemento, estas foron as I Xornadas de Homenaxe á Poeta.	2004. Atentado do 11 de marzo en Madrid.  O PSOE gaña as eleccións xerais españolas.  Primeiro Goberno no Estado co mesmo número de ministros ca de ministras.  Por primeira vez, unha vicepresidenta do Goberno.  Wangari Maathai obtén o Nobel da Paz.  Linda B. Buck obtén o Nobel de Medicina.  Elfriede Jelinek Nobel de Literatura.	Morte de Luísa Villalta.  <i>En concreto</i> , de Luísa Villalta (poesía) (publicación póstuma).
2005	II Xornadas, en Noia, de Homenaxe á Poeta, en xuño.	Goberno na Xunta co mesmo número de conselleiros ca de conselleiras.  O Parlamento galego está presidido por unha muller.	Morte de María Victoria Moreno.  <i>O libro das columnas</i> , de Luísa Villalta (columnas publicadas no xornal <i>A Nosa Terra</i> ).

María Mariño	Contexto histórico e das mulleres	Referencias literarias	
<p>III Xornadas organizadas en Noia ao redor da poeta.</p> <p>Inauguración da rúa María Mariño en Noia.</p> <p>A RAG acorda dedicarlle a María Mariño o Día das Letras Galegas de 2007.</p> <p>Xerais reedita <i>María Mariño. Obra completa</i>, de V. Sanjurjo Fernández.</p>	<p>Debut do dúo Sete Saias co álbum <i>Capítulo 0</i>.</p> <p>Morre Betty Friedan, precursora do movemento feminista.</p>		2006
<p>2007. Conmemoración do Día das Letras Galegas dedicado a María Mariño. É a 3.<sup>a</sup> muller homenaxeada pola RAG.</p> <p>Xerardo Agrafoxo publica a esperada <i>Biografía de María Mariño</i> (Editorial Galaxia).</p> <p>Manuel Forcadela elabora o documental <i>María Mariño. A flor das raparigas en sombra</i>.</p> <p>Carmen Blanco publica <i>María Mariño. Vida e obra</i> (Edicións Xerais).</p> <p>Patricia Arias publica <i>Antoloxía poética de María Mariño</i> (Editorial Galaxia).</p> <p>M.<sup>a</sup> do Pilar García Negro publica <i>María Mariño noonsel das escritoras galegas</i> (Editorial Laivento).</p>	<p>Rosa Cedrón publica o seu primeiro disco en solitario, <i>Entre dous mares</i>, con letras dela mesma e, entre outros, de Yolanda Castaño.</p>		2007



# BIBLIOGRAFÍA

Letras Galegas  
*maria marino carou*  
2007



### OBRA DE MARÍA MARIÑO CAROU

Mariño Carou, M. (1963): *Palabra no tempo*. Lugo: Ediciones Celta.

Mariño Carou, M. (1990): *Verba que comeza*. Noia: Concello de Noia.

———(1994): *María Mariño. Obra completa*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia. Edición de V. Sanjurjo Fernández.

———(2006): *María Mariño. Obra completa*. Vigo: Xerais. Edición de V. Sanjurjo Fernández.

Blanco, C. (1989): “A figura literaria de María Mariño Carou”, *Boletín galego de literatura* 2. Pp. 41-57.

———(1991): “María Mariño”, *Literatura galega de muller*. Vigo: Xerais, pp 233-274.

———(2006): *Sexo e lugar*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

———(2007): *María Mariño. Vida e obra*. Vigo: Xerais.

Borobó (García Domínguez, R.) (1961): “María Mariño. Invención de Novoneyra”, *La Noche*. 16-III-1961

Carballo Calero, R. (1981): *Historia da literatura galega*. Vigo: Editorial Galaxia, 6.ª edición.

Fernández del Riego, F. (1984): *Historia da literatura galega*. Vigo: Editorial Galaxia.

Fole, A. (1963): “Grave silencio enchido”, *Hoja del Lunes*. 30-XII-63.

Fonte, R. (1974): “MARIÑO CAROU, María”, *GEG*. Gijón: Silverio Cañada editor.

Forcadela, M. (2007): *A flor das raparigas en sombra* (documental).

García Negro, M.ª P. (2007): *María Mariño no ronsel das escritoras galegas*. Santiago de Compostela: Editorial Laiovento.

González Garcés, M. (1970): “La poesía de María Mariño”, *La Voz de Galicia*. 16-VIII-1970.

——— (1976): *Poesía gallega de posguerra 1936-1975*. O Castro: Edicións do Castro.

López Casanova, A. (1964): “A palabra alcendida de María Mariño”, *Grial*, n.º 3.

### BIBLIOGRAFÍA SOBRE MARÍA MARIÑO

Agrafoxo, X. (2004): “María Mariño: unha noiesa esquecida”, *IV Semana da Historia de Noia. Homenaxe a Avilés de Taramancos*. Noia: Casa da Gramática, pp. 27-37.

Agrafoxo, X. (2006): *Biografía de María Mariño*. Vigo: Galaxia.

Anónimo (1982): “María Mariño, a gran descoñecida”, *A Nosa Terra*, n.º 189-190.

Anónimo (1983): “María Mariño Carou”, *Carabela de Xiada*, n.º 1. Pp. 3-4.

Arias, P. (2007): *Antoloxía poética de María Mariño*. Vigo: Galaxia.

Armesto, V. (1970): “O espello na man. Maruja”, *La Voz de Galicia*. 24-X-70.

- Manuel María (1998): "Breve lembranza de María Mariño Carou", *Casa da Gramática*, 1.
- Marco López, A. (2007): *Dicionario de mulleres galegas. Das orixes ata 1975*. Secretaría Xeral de Igualdade-Promocións Culturais Galegas.
- Méndez Ferrín, X. L. (1965): "A poesía de María Mariño, I. Un idioma novo", *La Noche*. 25-II-1965.
- (1965): "A poesía de María Mariño, 2. Un idioma novo", *La Noche*. 2-III-1965.
- (1984): "De Pondal a Novoneyra". Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Molina, C. A. (1984): *Antoloxía de la poesía gallega contemporánea*. Barcelona: Ediciones Júcar.
- Novoneyra, U. (1967): "Apología póstuma, María Mariño Carou ha muerto", *La Voz de Galicia*. 11-VI-1967.
- (1979): *Poemas caligráficos*. Madrid: Brais Pinto.
- (1982): "Apoloxía de María Mariño Carou", *Dorna*, separata 3.
- (1982): "María Mariño Carou, noiesa do Caurel. Dinamiteira da fala", *A Nosa Terra*. Pp. 189-190.
- (1985): *Os eidos. Libro do Courel*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- (1990): "Inéditos de María Mariño", *A Trabe de Ouro*, 2. Pp. 295-302.
- (1990): *Os Eidos*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- (1998): *Dos soños teimosos* (conversa con Emilio Araúxo). Santiago de Compostela: Ed. Noitarenga.
- Otero Pedrayo, R. (1963): "Prólogo", *Palabra no Tempo*. Lugo: Ediciones Celta, pp. 7-10.
- Romaní, A. (2005): "María Mariño. Luces e sombras e Noia", *Barbantia. Anuario de estudos do Barbanza*, 1. Boiro: Asociación Cultural Barbantia, pp. 175-179.
- Sanjurjo, V. (2006): "Introdución", *María Mariño. Obra completa*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, pp. 7-56.
- Tarrio Varela, A. (1980): *Literatura Gallega*. Madrid: Editorial Taurus.
- Trabazo, L. (1964): "María Mariño: voz de la nueva poesía gallega", *La Voz de Galicia*. 24-I-1964.
- Trapero Pardo, J. (1964): "Palabra no tempo", *El Progreso*. 2-II-1964.
- Umbral, F. (1963-1964): "Palabra no tempo de María Mariño", *Revista de Poesía Española*. Madrid.
- Vázquez Vázquez, P. (2005): "María Mariño, a rede no vacío" en *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, 1. Boiro: Asociación Cultural Barbantia, pp. 181-191.
- Vilavedra, D. (coord.) (2004): *Diccionario da literatura galega. I Autores*. Vigo: Galaxia.
- Villar, Miro (1990): "María Mariño, noiesa do Courel. Dinamiteira da fala", *A Nosa Terra*. 11-X-1990.
- VV.AA. (1997): *Festa da Palabra Silenciada*, 13 (Especial María Mariño e I Encontro de Poetas Peninsulares e das Illas).
- VV.AA. (2006): *Festa da Palabra Silenciada*, 21 (Monográfico María Mariño).
- VV.AA. (1999-): *Enciclopedia galega universal: EGU*. Vigo: Ir Indo, vol. 11.

# ACTIVIDADES XERAIS

Letras Galegas  
*Maria Marino Carou*  
2007



---

## PARA AS AULAS DE LINGUA GALEGA E CASTELÁ

---

### A LINGUA DESDE A POESÍA

---

Na aula escollede cada persoa un poema de María Mariño. Levádeo para a vosa casa e, unha vez na casa, debedes lelo e procurar as palabras que non coñezades. Escribiredes no voso caderno o que se di no poema coas vosas palabras. Se sodes capaces, aprendédeo de memoria.

Na aula, cada persoa le o que quere dicir o poema.

O obxectivo final é que todo o alumnado recite un poema.

Recitado do poema: cómpre recitalo aproveitando as múltiples posibilidades que ofrezca. A recitadora ou o recitador debe ter presente a rima, se existe, o ritmo e a tonalidade musical. É importante aprender a manexar as distintas tonalidades de voz.

Sería interesante comprobar como len un mesmo poema diferentes persoas e, despois, comentar as interpretacións posibles.

En lingua castelá pode facerse o mesmo con poemas de autoras que viviron na mesma época ca María Mariño, por exemplo, Carmen Conde, Pura Vázquez, Dora Vázquez, Luz Pozo Garza, María do Carmen Kruckemberg, Gloria Fuertes, Julia Uceda.

Na nómina precedente atópanse poetas galegas da mesma xeración ca María Mariño.

### DESDE A PRENSA

---

Recollede todas as noticias que fagan referencia a María Mariño, á súa obra e ao Día das Letras

Galegas. Facede un mural na aula e contestade as seguintes preguntas:

Que escritoras escriben sobre María Mariño?

Que escritores escriben sobre María Mariño?

Cantos artigos falan da súa obra?

Cantos artigos se deteñen en aspectos biográficos?

Despois da Semana das Letras Galegas, organizade un debate na aula ao redor do seguinte tema: Contribúe o día das Letras Galegas á difusión da obra da persoa homenaxeada?

### LINGUA GALEGA

---

Procurade información sobre Uxío Novoneyra, Eduardo Moreiras e Ánxel Fole. Facede un mural co título de “Escritores do Courel”.

Procurade información sobre Avilés de Taramancos, Ana Romaní e Martín Veiga. Facede un mural co título de “Poetas de Noia”.

Buscade información sobre Rosalía de Castro e Fancisca Herrera Garrido. Facede un mural coas tres escritoras ás que se lle dedicou o Día das Letras Galegas.

Procurade información sobre Filomena Dato Muruais. Escribidelle unha carta á Real Academia Galega solicitando que se lle dedique o Día das Letras Galegas. Para iso debedes informarvos polo miúdo dos méritos da escritora.

Facede un estudo das características dialectais do galego da vosa zona.

Atopades algunha característica común co bloque e área lingüística ao que pertence a fala de Noia? E coa do Courel?

Procura os xentilicios (masculino e feminino) dos habitantes de:

Noia:

O Courel:

A Coruña:

Alemaña:

Santiago de Compostela:

Vigo:

Ourense:

Lugo:

Sarria:

Muros:

Nicaragua:

### LINGUA CASTELÁ

Organizade unha pequena exposición sobre mulleres escritoras nadas en Galicia. Distribuíde a información mediante un cartel para cada escritora. Sería interesante que figurasen os seguintes datos: fotografía, pequeno currículo persoal, obras principais e algún pequeno texto dalgunha obra.

Propoñémosche algúns nomes: Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán, Sofía Casanova, Helena Quiroga, Concha Castroviejo, Mari Luz Morales, Mercedes Núñez, Camen Pallares, Blanca Andreu, Luísa Castro.

### IDIOMA FRANCÉS, INGLÉS OU OUTROS

Traballade na aula palabras relacionadas co mundo téxtil, coas pezas de roupa.

Traballade na aula con palabras relacionadas coa terminoloxía literaria.

### COÑECEMENTO DO MEDIO

#### IMOS FACER UNHA VIAXE

Desde a túa casa, desexas ir ao Courel. Coa axuda dun mapa de estradas, traza o itinerario. Escribe os

nomes dos lugares que atravesas, os ríos, as serras.

Poderías ir algún treito en tren? Desde onde e ata onde?

Agora, desde a túa casa, desexas ir a Noia. Volve facer o mesmo. Poderías ir en barco? Desde onde e ata onde?

Agora sitúate nos tempos de María Mariño. Como puido a poeta desprazarse de Noia ao Courel? Como podía ir de Parada do Courel á Coruña? Pensa nas dificultades que podía provocar o illamento do Courel.

Buscade información sobre as mámoas e petróglifos catalogados no Courel e na comarca da Barbanza.

#### IMOS VIVIR NO TEMPO DE MARÍA MARIÑO

Imaxinade a casa de María Mariño no Courel. Para facelo debedes de situarvos na vosa casa e, desde ela, tratar de saber que obxectos podían estar na súa casa ou non. Reflexionade sobre os seguintes aspectos:

Podería ter teléfono? Cando se inventou o teléfono?

Podería ter televisión? Cando se inventou a televisión? Cando chegou a Galicia a televisión?

Tería radio? Cando se inventou a radio?

Tería María Mariño un secador de pelo?

Que utilizaría para a hixiene persoal?

Tería cuarto de baño?

Como sería a cama de María Mariño? Como sería o colchón?

Como sería a cociña de María Mariño? Que utilizarían para quentar a casa no inverno?

Que almorzarían María Mariño e o seu home normalmente polas mañás? Sabes o que é a chicoria?

Que utilizaría María Mariño, co frío que é O Courel, para que lle quecesen os pés na cama?

Investiga. Cando chegou a enerxía eléctrica a Noia? Cando chegou ao Courel? Cando chegou ao teu concello?

Investiga. Desde cando hai auga corrente en Noia? E no Courel? E no teu concello?

### AULA DE MÚSICA

---

Imaxínade a María Mariño vivindo no Courel desde 1948 ata 1967 e, coa axuda do profesorado de música, contestade as seguintes preguntas:

Que música se podería escoitar pola radio?

Que compositores galegos podería coñecer María Mariño?

Que compositoras galegas viviron na época de María Mariño?

Que intérpretes musicais galegos viviron na súa época?

Onde se podía escoitar música en Galicia dos anos corenta aos anos cincuenta?

En que lugares se podería bailar desde 1948 ata 1967 en Galicia?

Cando se empezou a aprender música na escola?

Procura un poema de María Mariño que che gustaría que se cantase. Explica a razón da escolla.

Que letras de cancións galegas escritas por mulleres coñeces?

Fai unha redacción sobre a presenza da muller na música galega.

Podes indicar o nome de traballos discográficos de:

Mercedes Peón  
Susana Seivane  
Uxía  
Marfull  
Carme Dios  
Estíbaliz Espinosa  
Nordestinas  
A Quenlla  
Fuxan os Ventos

### AULA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

---

Preparade unha aula especial. Procurade poemas de María Mariño e traballade facendo debuxos sobre eles.

Coa axuda do profesorado, buscade información sobre pintoras galegas de todos os tempos.

Tratade de contestar as seguintes preguntas:

Que pintora galega ilustrou a *Revista de Occidente*?

Que pintora galega ilustrou o poemario de Chus Pato, *Fascíneo*?

Que escritora e que fotógrafa colaboraron xuntas nun libro que leva por título *Papagaio*?

Indica con que materiais traballan as seguintes escultoras:

Teresa Gómez  
Mercedes Cabada  
Helena Colmeiro.

Que pintoras galegas, por vivir no mesmo tempo, podería coñecer María Mariño?

### ACTIVIDADES CONXUNTAS

---

Organizade no voso centro unha exposición co seguinte material:

Debuxos sobre a obra de María Mariño.

Novos poemas que dialoguen coa poesía da autora de Noia.

Época de María Mariño (1900-1970).

A muller escritora na literatura española.

A muller escritora na literatura portuguesa.

A muller escritora na literatura francesa

A muller escritora na literatura inglesa.

A muller escritora noutras literaturas.

A muller na política.

A muller na ciencia.

Sobre os carteis, colcade as fotografías, o nome, as obras.

Mediante a utilización dos catálogos das editoriais, procurade información:

Sobre a literatura universal traducida ao galego escrita por mulleres.

Sobre a literatura universal traducida ao galego por mulleres.





**XUNTA DE GALICIA**

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística